# AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

NOTA: Desde o curso 2019-20 non se ofertan prazas de novo ingreso no GLLE na Facultade de Humanidades (campus de Lugo). A matrícula global no curso 2023-24 neste campus foi de 1 estudante (**P.Ind._2023-24_ GLLE (L) – IN02G Matrícula global**), quen non presentou o seu traballo de fin de grao (**INF 15 – (L)**. Polo tanto, os datos deste autoinforme non teñen en conta os indicadores proporcionados polo Centro de Datos e Procesos relativos á Facultade de Humanidades de Lugo. Só se fai referencia a este campus ao comentar, no § 7.3, o *EIL1415: Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2014-2015*, por conter información sobre a inserción laboral de titulados no GLLE cando estaba en funcionamento o grupo do GLLE de campus de Lugo.

- Datos da universidade e do título obxecto de seguimento
- Cumprimento do proxecto establecido
  - Dimensión 1. A xestión do título
    - Criterio 1. Organización e desenvolvemento
    - Criterio 2. Información e transparencia
    - Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
  - Dimensión 2. Recursos
    - Criterio 4. Recursos Humanos
    - Criterio 5. Recursos materiais e servizos
  - Dimensión 3. Resultados
    - Criterio 6. Resultados de aprendizaxe
    - Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
- Modificacións do plan de estudos
- Listaxe de evidencias e indicadores

# Grao en Lingua e Literatura Españolas [S]

| 1. DATOS DO TÍTULO | |
|---|---|
| Denominación do título | Grao en Lingua e Literatura Españolas [S] |
| Mencións/Especialidades | **Mencións/Especialidades** |
| Universidade responsable administrativa | Universidade de Santiago de Compostela |
| En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s | - |
| Centro responsable | Facultade de Filoloxía |
| Centro/s onde se imparte | Facultade de Filoloxía |
| Rama de coñecemento | Artes e Humanidades |
| Número de créditos | 240 |
| Profesión regulada | Non |
| Modalidade de impartición | Estudo presencial |
| Curso de implantación | 2009 |
| Data acreditación ex ante (verificación) | 15/09/2017 |
| Data renovación acreditación | 27/07/2009 |

## 2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O perfil formativo do título mantén o interese e a relevancia académica, científica e profesional, e axústase á memoria de verificación, coas actualizacións necesarias (Memoria_GLLE_Actualizada). A formación ofrecida aos estudantes, actualizada e adaptada aos avances tecnolóxicos e científicos, así como aos requirimentos do mercado laboral, cumpre os obxectivos, as competencias xerais e as competencias específicas establecidos na memoria de verificación. Poden consultarse os datos derivados das enquisas de satisfacción no CRITERIO 7, apartado 7.2., onde se observa que os indicadores de satisfacción son globalmente positivos en todos os colectivos analizados.

O perfil de ingreso ao GLLE é coherente coas previsións iniciais: alumnado procedente maioritariamente do Bacharelato, que nos tres últimos cursos ten unha nota media superior a 10 e cuxa elección do grao segue a ser, en boa medida, vocacional. Estes datos están analizados máis abaixo no apartado 1.4. No curso 2023-2024 percíbese un aumento bastante significativo da nota media de acceso por preinscrición:

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 | 2023-24 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Total** | **9.19** | **9.41** | **10.69** | **10.88** | **10.15** | **11.27** |

Fonte: IN06G (P_Ind_2023-24 (S)) e Informe de indicadores

Nesta mesma liña, cómpre salientar que a porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis ven sendo do 100% desde o curso 2018-19, se ben non hai datos para o curso 2023-2024 (IN07G).

Evolución do número de estudantes de novo ingreso

A principal evidencia de que o título mantén o interese académico descrito na memoria de verificación é o número de alumnos matriculados. A matrícula de novo ingreso por preinscrición foi de 61 alumnos en 2023-2024. Con relación ao dous cursos previos, tense producido un lixeiro aumento na matrícula dos preinscritos: 49 no curso 2022-23 e 57 no curso 2021-22 (IN04G). Coa suma do alumnado que traslada expediente ou accede por validación parcial (datos de matrícula de acceso), a cifra de matrícula de novo ingreso (IN03G) alcanza os 64 estudantes, superior ao de prazas ofertadas (50). 0bsérvase un aumento neste número respecto a os cursos anteriores:

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 | 2023-24 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Total** | **58.00** | **54.00** | **63.00** | **58.00** | **51.00** | **64.00** |

Fonte: IN03G

No que afecta ao alumnado novo, cómpre ter en conta que, en condicións normais, numerosos estudantes *Erasmus* e doutros programas de mobilidade se incorporan a materias do GLLE, nomeadamente ás do Maior, como se indica máis abaixo no apartado 1.4 (epígrafe *Procedencia xeográfica*). A porcentaxe de **estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade** sobre o total de matriculados está subindo nos últimos dous cursos, aínda que non acada as cifras prepandemia: a diferencia porcentual pasou dun 8.66 no curso 2020-21 a un 23.85 no 2021-22,a un 31.72 no curso 2022-23 e a un 37.05 no curso 2023-2024 (IN18G).

Captación de alumnado

A relación de **estudantes preinscritos en primeira opción** matriculados por primeira vez sobre as prazas ofertadas alcanzou unha excelente taxa do 118% no curso 2022-2023 no campus de Santiago.

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 | 2023-24 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Total** | **90.00** | **98.00** | **112.00** | **104.00** | **78.00** | **118.00** |

Fonte: IN10G

Este ascenso é constatado na taxa de ocupación —número de estudantes de novo ingreso por preinscrición dividido entre as prazas ofertadas—. Esta taxa acadara no curso 2020-21 a porcentaxe do 122%, o valor máis alto dos últimos cinco cursos. No curso 2021-22 o valor foi do 114% e no curso 2022-23 do 98%. Este curso 2023-2024 volve ascender ata o 122% (IN12G).

Hai que subliñar que nos últimos cursos continuaron, e mesmo medraron, as accións de **políticas activas de información previa e captación de novos estudantes** desenvolvidas pola Facultade de Filoloxía. Dentro do *Plan de Acción titorial da Facultade*, existe un *Plan de Captación,* que abrangue visitas de estudantes de ensino medio á Facultade dentro dos *Encontros na USC*, *Encontros virtuais na USC,* visitas de profesorado da Facultade aos institutos, dentro do programa *A Ponte*, con charlas temáticas. A estas únense as actividades de presentación que a USC vén executando, como a participación nas Xornadas de Orientación Universitaria e Profesional e a distribución de material informativo durante as PAAU e nos institutos (*vid*. §. 5.1).

Asemade, a información pública da web da Facultade de Filoloxía, renovada desde o ano 2020 e actualizada periodicamente, incorpora vídeos explicativos sobre a Facultade, a estrutura dos graos e os coñecementos e competencias asociados, así como vídeos sobre os contidos de materias concretas impartidas no centro.

Doutra banda, no curso 2023-24, 8 estudantes solicitaron **recoñecemento de créditos**, sendo o grao de destino o GLLE (Recoñecementos 23-24).

En canto á **inserción laboral**, desde o curso 2017-18 vense constatando unha recuperación na oferta pública de emprego, nos postos asociados ao ensino. Malia que esta recuperación parecera truncarse ao inicio do 2020, a situación xerada pola pandemia de COVID-19 obrigou a incorporar novos docentes. No ano 2021 volveron organizarse oposicións no sistema de ensino público, cunha ampla oferta no ano 2021. No ano 2022 esta oferta descendeu polo proceso de estabilización de interinos, e parece recuperarse lixeiramente no ano 2023. No ano 2024 convocáronse 36 prazas de Lingua Castelá e

Literatura no corpo de profesores de ensino secundario de Galicia (DOG 14.2.24) e 40 no ano 2025 (DOG 17.2.25). O ensino público veu sendo tradicionalmente a principal vía de inserción laboral dos nosos egresados, o que está en liña cos resultados das enquisas realizadas entre o alumnado do GLLE, nas que a docencia era unha das opcións laborais mellor valoradas. No § 7.3 analízanse os datos dispoñibles da inserción laboral dos titulados no curso 2014-15.

## 1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A oferta de módulos, de disciplinas e de materias responde ás directrices esbozadas na memoria de verificación. No curso 2023-24 houbo varias reunións entre os colectivos implicados para estudar modificacións non substanciais do título de GLLE, relativas a retoques nos descritores de materias básicas e de materias do Maior, así como nunha optativa, para actualizalos, e un cambio nunha materia do módulo de *Historia da lingua española* que implicou unha redistribución de materias en cuadrimestres. Ningún destes cambios implicaba modificacións dos resultados de aprendizaxe, nin das competencias do título, nin dos obxectivos formativos dos módulos correspondentes. Para máis detalle, ver o apartado 3. *Modificacións do plan de estudos* deste IS.

Estas propostas foron aprobadas xa no curso 2023-2024 pola CA do GLLE do 17.11.2023 e na sesión da Comisión de Calidade do centro do 21.11.2023. Unha vez remitido o informe coa solicitude de modificacións correspondente á ACSUG, foi recibido informe favorable desta axencia con data 04.04.2024 (ACSUG Informe evaluación). O calendario de modificacións non substanciais do título foi aprobado pola Comisión de Calidade da Facultade de Filoloxía na sesión do 02.05.2024.

Por outra banda, no curso 2023-24 foi constituído un Grupo de Traballo (Comisión de Calidade 04.12.2023) para estudar unha eventual reforma de aspectos substanciais dos planos de estudo da Facultade. Neste grupo están representadas tódalas áreas de coñecemento da Facultade e representantes do alumnado, así como o Decano, a Vicedecana de Calidade e a Xestora do Centro.

Polo que atinxe ás actividades e metodoloxías docentes, así como aos sistemas de avaliación e cualificación, descritos nas guías docentes das materias, son revisados anualmente polos coordinadores de área e pola Comisión do título, coa fin de garantir que o alumnado adquira as competencias establecidas.

O número de profesores por estudante e a distribución de alumnas e alumnos por grupos de docencia expositiva e interactiva son coherentes co establecido no proxecto de implantación e cos criterios xerais da USC: garanten un desenvolvemento axeitado do proceso de aprendizaxe e a consecución dos obxectivos establecidos na memoria de verificación do título. Porén, a redución de persoal docente ten provocado un incremento do promedio de estudantes en grupos expositivos e interactivos, ata situarse no campus de Santiago 5 puntos por riba da media da USC, como se comentou no IRA 2022-23 (CRITERIO 4: Recursos humanos).

Desde 2018 está publicada na web da Facultade de Filoloxía a composición das comisións dos títulos de Grao e da Comisión de Calidade. Os acordos das comisións están accesibles aos membros da comunidade na intranet da páxina web, e no caso da CAGLLE tamén na lapela Arquivos do grupo de Teams correspondente.

Consecución de competencias

Os indicadores de resultados do título (§ 7.1) poden interpretarse como evidencia aproximada da medida na que se acadan os obxectivos e as competencias descritos na memoria de verificación. Destácanse aquí, extraído do Informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (INF 13), tres aspectos relacionados coa adquisición de competencias xerais e específicas previstas tanto na memoria inicial coma nos propios programas das materias:

1) *O/A docente motiva a participación crítica e activa do alumnado no desenvolvemento da clase,* cunha valoración media moi positiva no curso 2023-2024 de 4.13 nun baremo de 1 a 5 (o curso 2022-23 foi de 4.23).

2) *O/A docente mellorou o meu nivel de partida en relación á materia*: 4.04 no curso 2023-24 (4.07 no curso previo).

3) *O/a docente propón actividades que favorecen a miña aprendizaxe autónoma:* 3.94 no curso 2023-2024 (4.00 nos dous últimos cursos).

Ata o curso 2022-2023, as porcentaxes de participación do alumnado na enquisa de satisfacción coa docencia recibida eran moi baixos, cunha curva descendente (23,26% no curso 2021-22 e 17.38% no curso 2022-23). Este curso 2023-2024, a porcentaxe subiu ata o 51.54%. Este resultado débese, probablemente, á Acción de Mellora 04 da axenda do curso 2022-2023, destinada a “incentivar a participación do alumnado e do profesorado nas Enquisas de satisfación, especialmente nas referidas á satisfacción co título”. Pero tamén é posible que se deba á medida, implantada no curso 2023-24 en todos os graos da Facultade de Filoloxía e promovida desde o Decanato, de enviar unha mensaxe ao profesorado para que destine dez minutos das últimas clases nas que está aberto o período de realización das enquisas para que sexan cubertas polo alumnado. Tamén a AM 05 da axenda do curso 2023-2024 tiña o mesmo propósito. A tarefa 1 desta AM 05 recolle a idea procedente do Decanato.

Participación do alumnado en programas de mobilidade

O título de GLLE é máis receptor que exportador de estudantes. Por iso, a mobilidade saínte do GLLE adoita ser discreta, pola orientación dos graos en Lingua e Literatura españolas das universidades estranxeiras, centrada na adquisición de competencias comunicativas. No curso 2023-2024 foi de 11 estudantes Erasmus e 4 SICUE (Erasmus SICUE GLLE) e de 13 no 2022-23.

A valoración media da enquisa de satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade rexistra un descenso acusado con respecto aos dous cursos precedentes: mentres que no curso 2020-21 foi de 4.51 e no 2021-22 foi de 4.67, no curso 2022-23 descendeu a 3.16, e no curso 2023-2024 analizado neste informe é de 3.17 (IN15G). Dado que a enquisa propia da Facultade proporciona datos globais da mobilidade no centro (2024 SICUE OUTGOING; 2024 ERASMUS OUTGOING), carecemos de información concreta sobre os motivos deste descenso na valoración, pero é posible que teñan que ver cos aspectos que, en conversas presenciais, os estudantes consideran que deben mellorar: a) o importe da axuda económica, que non é suficiente para os gastos da estadía; b) a oferta de aloxamento; c) a información previa.

En canto á porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados, continúa a senda de recuperación xa iniciada no curso 2021-22, alcanzando no curso 2023-24 a porcentaxe de 37.05% (IN18G). Con todo, a melloría constatada non chega ás porcentaxes do período prepandemia (no curso 2018-19 fora de 47.2%). O número total de estudantes que participaron en programas de mobilidade entrante no GLLE no curso 2023-24 foi 83 (9 Convenios con outras Universidades, 72 Erasmus, 2 SICUE) (INF03).

En canto ás enquisas que realiza a Facultade a este alumnado entrante (2024 ERASMUS INCOMING; 2024 SICUE INCOMING), responderon 16 alumnos Erasmus e 3 SICUE, pero ao non estar desagregadas as respostas por títulos non é posible presentar datos concretos sobre o GLLE. Polos datos de resposta á pregunta referida ao nivel de coñecemento de linguas unha vez finalizada a estadía (nº 11), a percepción maioritaria é que o seu nivel de español mellorou bastante ou moito. Canto ao sentimento predominante en relación coa experiencia na USC (nº 37), a percepción maioritaria é satisfactoria (6 respostas Erasmus; 2 respostas SICUE) ou moi satisfactoria (10 respostas Erasmus, 1 resposta SICUE).

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Abordar da maneira máis eficiente posible a coordinación de grupos docentes e de cada curso é un reto ineludible e un eixe prioritario de actuación, tanto desde a Comisión do Título como desde a Comisión de Calidade do centro. Coa extinción do grupo no campus de Lugo, deixa de ser relevante a reflexión sobre a coordinación intercampus.

Coordinación

Os obxectivos principais dos diferentes niveis de coordinación son: (i) evitar a non reiteración de contidos en materias diferentes, aspecto que xustifica algunhas das modificacións non substanciais de descritores de materias, solicitadas e aprobadas no curso 2023-24; (ii) procurar que non existan lagoas importantes nos coñecementos adquiridos polos titulados; (iii) intentar que exista proporcionalidade entre o traballo que se esixe ao alumnado e os créditos atribuídos ás materias, de xeito que non haxa unha acumulación excesiva de actividades nuns determinados momentos do calendario. En xeral, cada materia dispón dunha figura docente para a coordinación, sobre quen recae, en primeira instancia, a tarefa de garantir a uniformidade dos obxectivos, os contidos, e os criterios e procedementos de avaliación das competencias do alumnado. Esta tarefa de coordinación, que implica a celebración de sesións de traballo e frecuentes comunicacións entre os profesores implicados durante o curso, compleméntase con outros controis sobre a programación docente, realizados polos catro coordinadores de área do departamento máis ligado ao título (*Lingua española*, *Literatura española*, *Teoría da literatura e literatura comparada* e *Lingüística xeral*), pola coordinación do título e pola Comisión do GLLE.

Tamén favorece a coordinación docente cando existe máis dun grupo da mesma materia o feito de que os cursos virtuais das materias son compartidos. Desde a sesión da CA do GLLE do 07.03.2018 decidiuse nomear coordinadores de cursos por título. O acordo consistiu en repartir a coordinación dos catro cursos do GLLE entre as catro áreas máis vinculadas ao título.

Na Comisión académica do GLLE, así como nas dos restantes graos da Facultade, foi aprobado, con data 23.09.2022 (Acta CAGLLE_23.09.2022) un *Protocolo de coordinación de grados*, que recolle as funcións dos coordinadores de materia, de curso e de mención, así como de grado, co obxectivo de facilitar a interlocución entre alumnado e profesorado.

Doutra banda, a “Enquisa de satisfacción do profesorado do GLLE coa docencia impartida”, o ítem “A coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título é axeitada” acadou un valor medio de 3.75 no curso 2023-2024, próximo a do curso previo: 3.89 (INF14).

A coordinación das materias dos graos da Facultade de Filoloxía da USC debe ser contemplada no marco dunha estrutura modular compartida que fai que moitas materias sexan ofertadas en varios títulos. Este aspecto, que o alumnado adoita percibir como positivo, dificulta aspectos organizativos, como os horarios, así como a concentración en períodos específicos de varias probas de avaliación. Estas características esixen flexibilidade do profesorado para resolver eventuais acumulacións de tarefas ao longo do curso.

Prácticas externas

Desde a súa implantación na Facultade de Filoloxía (curso 2013-14), un pequeno grupo de estudantes elixe cada curso facer prácticas externas (que se recoñecen con 6 créditos no módulo optativo). Os resultados son positivos: xa no curso 2022-23 triplicou a porcentaxe de estudantes egresados que, ao longo dos seus estudos, realizou as prácticas en empresas e institucións, pasando dun 6.98 no curso 2021-22 a un 18.60 no curso 2022-23. A tendencia ascendente continuou o curso 2023-2024, chegando ao 20.93 (IN22G).

No curso ao que corresponde este informe de seguimento, 2023-24, 8 estudantes realizaron as prácticas, que foron desenvolvidas no *CITIUS, Cátedra José Ángel Valente de Poesía e Estética, Biblioteca Facultade Filoloxía, Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC, Asociación Yaran, Hércules Edicións, Textinova Global Content S.L.U.* (Practicas_GLLE). O alumnado implicado obtivo boas cualificacións.

No curso 2023-24 a satisfacción do alumnado foi do 4.41 (sobre 5), mellor que a acadada outros cursos (4 no curso 2020-21 e 3.22 no curso 2018-2019; non hai datos para outros anos) (IN19G e INF06).

Tamén temos datos da satisfacción dos titores profesionais, que valoraron con 4.89 (sobre 5) o traballo dos estudantes, valoración superior ao do curso previo 4.39 (sobre 5) (IN20G). O 100% dos titores profesionais contrataría ao estudante (INF07; taxa de participación na enquisa: 28.57%). Non hai datos sobre á satisfacción dos titores académicos coas prácticas externas no curso 2023-2024 (IN21G).

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A memoria verificada do título non contempla unha formación específica previa, pero si a recomendación de que os estudantes teñan cursado a modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais no Bacharelato. Tamén se apunta a conveniencia de posuír outras aptitudes, como curiosidade intelectual, hábito lector, sensibilidade estética, capacidade analítica e crítica, competencia en expresión oral e escrita. O feito de contar cunha matrícula vocacional e cunha nota media arredor de Notable outorga coherencia ás calidades do perfil do alumnado matriculado no GLLE.

Os datos de matrícula global no GLLE dos últimos catro cursos académicos indican que o título conserva o seu atractivo para o alumnado, xa que as cifras de matrícula oscilan arredor de 230 estudantes:

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 | 2023-24 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Total** | **214.00** | **229.00** | **231.00** | **239.00** | **227.00** | **224.00** |

Fonte: IN02G

Perfil real de ingreso

Datos da CiUG (INF CIUG) relativos ao curso 2023-2024 sobre a ensinanza de acceso:

- 98% da matrícula procede do Bacharelato e 2% de Formación Profesional.
- Das 236 solicitudes rexistradas, procedentes do Bacharelato, foron admitidos 63 e formalizaron a matrícula 59.
- Tamén se rexistraron 5 preinscricións de alumnos procedentes de Formación Profesional, dos que foron admitidos 2 e formalizaron a matrícula 1.

A pertinencia do título e o atractivo que presenta para alumnos cun bo expediente académico queda patente no feito de que a nota media de acceso ao GLLE estivo no curso 2023-2024 en 11.27, superior á do curso previo 2022-2023, que foi de 10.15 (IN06G).

A porcentaxe de estudantes que accederon á titulación con puntuación igual ou superior a seis ven sendo do 100,00% ininterrompidamente desde o curso 2018-19, mais non hai datos para o curso 2023-2024 (IN07G).

Como en cursos anteriores, a orde de preferencia na matrícula revela o carácter vocacional dos estudos do GLLE (INF CIUG): 89 alumnos elixírono en primeira opción, dos que se matricularon 59 (96.7% dos matriculados). Outros 52 alumnos escolleron o GLLE en segunda opción, con 1 matriculado; 42 en terceira con 1 matriculado, 27 en cuarta, 28 en quinta, etc. Estas taxas mantéñense relativamente constantes ao longo dos cursos académicos.

Como xa se indicou no § 1.1, con respecto aos dous cursos anteriores, a relación de estudantes preinscritos en primeira opción matriculados por primeira vez sobre as prazas ofertadas alcanzou unha excelente taxa do 118% no curso 2023-2024 no campus de Santiago. Foi do 78% no curso 2022-2023 (IN10G).

Ao respecto da procedencia xeográfica, os estudantes foron en 2023-2024 case na súa totalidade españois: 215 galegos, 7 doutras comunidades autónomas, 1 estudante de Andorra, 1 de Bangladesh e 2 de China (INF 16).

O título recibe poucos estudantes nacionais de fóra de Galicia. A porcentaxe de estudantes nacionais sobre matriculados (sen contabilizar os de mobilidade *incoming*) oscila segundo os cursos. Os datos do indicador IN09G están na seguinte táboa:

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 | 2023-24 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Total** | **4.21** | **3.49** | **2.60** | **1.67** | **2.20** | **3.13** |

O título recebe poucos estudantes estranxeiros (sen incluír os matriculados en programas de mobilidade *incoming*), como se desprende dos datos do indicador IN08G:

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 | 2023-24 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Total** | **1.40** | **2.18** | **1.30** | **1.26** | **1.76** | **2.23** |

Como xa se adiantou no apartado 1.1. e hai que subliñar sempre neste punto, en condicións académicas normais, o GLLE posúe, dende a súa implantación, un marcado carácter de título de acollida de estudantes procedentes de distintos programas de mobilidade desde o estranxeiro e, en menor medida, desde outras comunidades españolas. Esta peculiaridade é debida á natureza do título, de especialización en lingua e literatura españolas.

Resultados das enquisas realizadas entre alumnos de novo ingreso no GLLE

A distribución dunha enquisa durante a xornada de benvida aos alumnos de novo ingreso do grao é práctica usual na Facultade de Filoloxía desde o curso 2014-15 (Cuestionario para estudantes de novo ingreso Facultade de Filoloxía 2023-2024). No curso 2023-2024 participaron 256 alumnos (a recollida dos datos fíxose de forma virtual). Destes estudantes, 61 (23.83 %) estaban matriculados no GLLE. O 85.16% dos enquisados en conxunto elixira o seu título como primeira opción de matrícula, taxa que confirma que a decisión segue a ter un compoñente vocacional moi importante. Desafortunadamente, non dispoñemos de datos diferenciados que dean conta das opcións escollidas polos alumnos do GLLE, malia que en cursos anteriores os resultados a nivel de GLLE e ao nivel da Facultade de Filoloxía foron bastante similares.

De maneira similar que nos anos anteriores, o interese polas linguas e a lingüística acaparou o 60.55% das respostas globais á consulta sobre o motivo da elección, sendo esta a porcentaxe máis alta. A continuación situáronse a afección á literatura (48.44%) e o desexo de aprender o idioma (41.02%), aspecto que non parece pertinente no caso do GLLE. O carácter vocacional dos estudos tamén se obtén indirectamente da porcentaxe máis baixa que recebe a opción sobre posibilidades de emprego (marcada por un 27.34% dos participantes).

A nivel xeral, a meirande parte dos estudantes souberon da Facultade de Filoloxía a través dun/unha profesor/a do instituto (32.03%), da web da Facultade (24.61%), dun/dunha estudante da Facultade (19.53%) ou porque fixo unha vista á Facultade co seu instituto (14.84%). Outras opcións menos sinaladas foron as seguintes: redes sociais (14.45%), un orientador do instituto (10.55%), unha charla dun/dunha profesora da Facultade no seu instituto (7.8%), folletos da Facultade distribuídos nos institutos (6.64%) ou a campaña da Facultade nas probas ABAU (6.25%).

Unha porcentaxe alta de alumnos (53.16%) aínda non coñecían a opción que ofrece a Facultade de obter dous títulos de grao en 5 anos e medio ou 6; diante desa posibilidade, amosaron o seu interese en cursar, como segundo grao, Lingua e Literatura Españolas no 10.94% dos casos, Lingua e Literatura Inglesas no 10.16%, Filología Clásica no 7.81%, Lingua e Literatura Galegas no 6.64%, Lingua e Literatura Modernas (Mención en francés) no 3.13%, Lingua e Literatura Modernas (Mención en italiano) no 2.34%, Lingua e Literatura Modernas (Mención en portugués) no 1.95% e Lingua e Literatura Modernas (Mención en Románicas) no 0.39%.

En canto ao tipo de actividade laboral que lles gustaría realizar unha vez rematada a carreira, o 75.39% sinala a docencia en linguas e literaturas no ensino secundario, o 32.81% a docencia na Universidade, o 32.42% a tradución, o 24.6% o traballo na industria editorial, o 22.66% o ensino de linguas a falantes non nativos, 19.92% a docencia en Escolas oficiais de idiomas, todas porcentaxes superiores ao 10%. Con lixeiras oscilacións, estas cifras son similares as obtidas en anos anteriores.

Resumo

O alumnado que accede ao título faino maioritariamente por vocación, como se deduce tanto dos datos de matrícula como dos resultados das enquisas realizadas entre alumnos que acceden ao GLLE por vez primeira. Trátase de estudantes

procedentes sobre todo do Bacharelato e con boas cualificacións nas PAAU, con afección pola literatura e interesados polo estudo das linguas e a lingüística. Por outra banda, as materias de Lingua e Literatura do GLLE atópanse entre as máis demandadas polo alumnado entrante a través de programas de mobilidade.

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Tanto as normativas xerais da USC, como as específicas da Facultade de Filoloxía, aplicáronse de forma axeitada no GLLE no curso 2023-24. Estas normativas están accesibles na páxina web: a) a destinada a estudantado; b) a normativa de organización docente; c) a da Facultade de Filoloxía.

Estas normativas tiveron un impacto positivo nos resultados do título, a xulgar polos datos relacionados cos resultados que se comentan máis abaixo nos apartados 7.1. e 7.2.

Durante o curso 2023-2024 aprobáronse ou modificáronse as seguintes normativas:

1. Modificación do Anexo II do Regulamento de redución docente e retribución de cargos e responsables académicos. Aprobada no Consello de Goberno do 23 de novembro de 2023.
2. Modificación do Regulamento das titulacións de grao e máster da USC e do procedemento para o aseguramento da súa calidade. Aprobado no Consello de Goberno no 25 de xaneiro de 2024.
3. Modificación do Anexo II do Regulamento polo que se establece o réxime de redución docente e de retribución de cargos e responsables académicos na USC. Aprobada no Consello de Goberno do 23 de febreiro de 2024.
4. Modificación do acordo do Consello de Goberno do 27 de maio de 2010 sobre criterios de admisión por cambio de universidade /ou estudos universitarios nos estudos de grao. Aprobada no Consello de Goberno do 10 de xuño de 2024.
5. Modificación da Normativa sobre a permanencia nas titulacións de Grao e Máster da USC. Aprobada no Consello de Goberno do 24 de xullo de 2024.
6. Regulamento en materia de recoñecemento e transferencia de créditos para os estudos oficiais de Grao e Máster da USC. Aprobado no Consello de Goberno do 24 de xullo de 2024.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información xeral da Universidade, así como a específica do Grao, é suficiente e relevante, e está accesible para todos os grupos de interese coa oportuna actualización a través da web da Facultade de Filoloxía e mais a da USC.

A información da titulación está recollida en galego, castelán e inglés. Como resultado do proceso de renovación da acreditación, despois do Informe provisional de Acreditación do título de data 07.11.2023, foi incluída a AM-3 (PMA 2023-24): "Actualizar a versión inglesa da información sobre o título" para atender a unha das recomendacións do informe (IS GLLE 2022-2023). Como se indica na comprobación da AM correspondente (§ 3.3) foron comparados os textos da páxina web do título en castelán e inglés para identificar grallas e erros de tradución. Considerouse necesaria unha revisión profunda da versión inglesa, polo que se solicitou ao Decano a contratación dun tradutor para revisar tódolos textos dos graos da Facultade.

Toda a información sobre o grao en GLLE (plano de estudos, programas das materias, profesorado, horarios, oferta e admisión, etc.) está completa e actualizada no seguinte enlace: https://www.usc.gal/gl/estudos/graos/artes-humanidades/grao-lingua-literatura-espanolas

Os resultados acadados pódense consultar no enlace sobre Indicadores do título: https://www.usc.gal/es/centro/facultad-filologia/calidad/indicadores/grao-lengua-literatura-espanolas-santiago.

Ademais de internet, empréganse outros medios para difundir a oferta académica e outros aspectos relativos ás titulacións da Facultade de Filoloxía: redes sociais (X), paneis informativos, pantallas informativas nos espazos da Facultade, accións de difusión da información entre colectivos externos á Facultade (marcapáxinas), sesións informativas de orientación ao alumnado sobre mobilidade, prácticas externas, elección de itinerarios, elaboración do TFG, oferta de máster, etc.

Valoración da información nas enquisas ao alumnado

A enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación (INF22) foi cuberta en conxunto polo 12.50% do alumnado, unha participación moi escasa e que representa un lixeiro incremento fronte ao curso anterior, do 8.80%, como se observa na seguinte táboa, que proporciona tamén as medias da valoración global. O ítem sobre satisfacción co título obtén un 3.29 (sobre 5) no curso 2023-24, unha cifra algo inferior á de anos anteriores.

| | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 | 2023-24 |
|---|---|---|---|---|
| Valoración global | 3.13 | 3.38 | 3.43 | 3.29 |
| Participación | 3.66% | 3.03% | 8.80% | 12.5% |

Fonte: INF 22

A baixa participación nas enquisas é unha constante ao nivel da Facultade, o que determina aos coordinadores dos programas a prestar especial atención a este aspecto na comunicación co alumnado.

As puntuacións máis altas foron acadadas nos items: “O campus virtual é útil e facilita as miñas xestións académicas” (3.97 sobre 5); “As infraestruturas e materiais dispoñibles no centro son axeitados” (3.66), “a túa valoración dos trámites de matriculación” (3.59); “os recursos educativos dispoñibles son axeitados” (3.52) e “a atención prestada polo persoal de administración e servizos” (3.48).
As puntuacións máis baixas atópanse nos items: “A oferta de prácticas é atractiva” (2.39) e “a orientación profesional e laboral recibida no teu centro” (2.69).

| DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO |
|---|
| CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:<br>Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.<br>Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título. |
| 3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento. |
| Aspectos a valorar:<br>• Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvolvéronse de acordo ao establecido.<br>• No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.<br>• Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.<br>• O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido. |
| Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:<br><br>O SGC está composto polas Comisións académicas de cada título, pola Comisión de Calidade da Facultade de Filoloxía. Existe, ademais, un Comité consultivo do Centro. Tanto as funcións como a composición das comisións están accesibles a través do seguinte enlace: https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/calidade/organos-sistema-garantia-calidade<br><br>Os acordos da Comisión de calidade están accesibles na web pública (https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/acordos-comision-calidade) e os das Comisións de título na intranet da Facultade. Estas comisións levaron a cabo o seguimento do desenvolvemento da mellora do título.<br><br>A información recibida desde a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC, é complementada curso a curso, no que atinxe á satisfacción dos grupos de interese e ao perfil de ingreso do alumnado, con seis enquisas propias da Facultade de Filoloxía:<br><br>a) Enquisas aos estudantes Erasmus e Sicue (mobilidade entrante) (2024 ERASMUS INCOMING; 2024 SICUE INCOMING)<br><br>b) Enquisas aos estudantes Erasmus (mobilidade saínte) e Sicue (mobilidade saínte, enquisa do curso 2023-2024) (2024 ERASMUS OUTGOING; 2024 SICUE OUTGOING).<br><br>c) Enquisa a estudantes de novo ingreso, solicitada na sesión de benvida ao inicio do curso. (Cuestionario para estudantes de novo ingreso. Facultade de Filoloxía 2023-2024)<br><br>d) Análise do proceso de elaboración e defensa do TFG (2024 Enquisa de satisfación do estudantado co TFG – GLLE) Esta enquisa é recollida nos actos posteriores á defensa do TFG que forman parte dunha actividade denomina *Encontros TFG estudantado*, na que participan coordinadores e membros do equipo decanal. Para estudantes matriculados no curso 2023-24 os estudantes do GLLE foron convocados os días 21 de xuño e o 9 de setembro. É baixa a porcentaxe de estudantes que son convocados e que asisten (dos 24 convocados na sesión do 21 de xuño do GLLE, GLLM e GLLI, asistieron 13, 9 do GLLE; no encontro de 9 de setembro de 2024 asistiu 1 persoa do GLLE). Nestes encontros, a Facultade convida aos estudantes a uns petiscos e lles regala o libro editado no curso correspondente do programa *Converxencias*. Nestes encontros, ademais da enquisa de satisfacción co TFG, expone preguntas aos |

alumnos en relación coa súa satisfacción co título, coma se sentíronse ben tratados polo profesorado, o seu sentido de pertenza á USC, a valoración de diferentes aspectos da formación recibida e a satisfacción xeral coa titulación. (Encontros Egresados)

O esforzo continuo que se fai desde a Facultade e desde a Coordinación do Título para contribuír a un aumento na participación nas enquisas que se distribúen desde a ACMP continuou no curso 2023-24, aínda que con escaso éxito. O centro procura contribuír a un aumento na participación nas enquisas de satisfacción distribuídas pola ACMP a través de anuncios (información sobre o proceso de avaliación e as datas das enquisas) na pantalla informativa na entrada da facultade, letreiros, así como mensaxes de correo electrónico á lista de distribución do profesorado. Desde a Coordinación do título empregouse o Campus virtual para difundir puntualmente información e documentos a profesorado e alumnado implicado no GLLE a través das aulas de coordinación.

Para tratar de mellorar a resposta do alumnado ás enquisas, o Centro de Datos e Procesos da USC envía unha mensaxe de correo ao profesorado no que se proporciona unha ligazón para monitorear en tempo real o número de respostas as enquisas de valoración, coa fin de informar directamente ao alumnado e animalos a colaborar.

Os procedementos de avaliación, elaboración e aprobación das programacións docentes e de queixas e reclamacións desenvolvéronse na súa totalidade consonte o establecido no SGIC e a normativa correspondente.

No curso 2023-2024 recibíronse na Facultade 1 recurso de reposición (non referido a unha materia do GLLE) 6 reclamacións, 4 delas referidas á unha materia do GLLE, e 2 queixas, unha delas referida a unha materia do GLLE. Das reclamacións, 1 foi estimada, outra foi estimada parcialmente, e 2 foron desestimadas. A queixa foi desestimada (Recursos_Reclamacións_Queixas).

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O seguimento do título levouse a cabo consonte ao calendario establecido pola USC. Os informes de seguimento dos cursos 2016-17, 17-18, 18-19, 19-20, 20-21, 23-24 foron elaborados entre os meses de outubro-marzo e a aprobados nas comisións correspondentes así como en Xunta de Facultade. Con data 02.03.2023 a ACSUG emitiu "Informe provisional de seguimento", ao que non se presentaron alegacións, por considerar que as suxestións contidas no informe podían ser incorporadas como Accións de Mellora no IRA en proceso de redacción.

No curso 2022-23 foi elaborado o Informe de renovación da acreditación (IRA 2022-23), aprobado pola Comisión do Título o día 09.05.2023 e pola Comisión de Calidade do Centro o día 11 de maio de 2023. A visita externa da Subcomisión de Avaliación para a renovación da acreditación tivo lugar entre os días 21 e 22 de xuño de 2023. Nos días previos contactouse con estudantes matriculados no GLLE —non integrantes da Comisión académica—, con profesorado do título e con estudantes egresados. Ademais dos membros da CA do GLLE, participaron nas sesións 7 estudantes do GLLE, 4 profesores das áreas de Lingua española e Literatura española e 3 egresados (as sesións para

egresados e profesores foron comúns para o GLLE, GLLG, e Filoloxía clásica, o que supuxo unha redución da representación). A impresión global da visita externa foi moi positiva. O informe provisional de acreditación foi favorable (07.11.2023) (Informe provisional acreditación) con algunhas recomendacións de mellora, polo que non se presentaron alegacións. Na sesión do día 17.11.2023, a Comisión académica do GLLE aprobou o Plan de Mellora do GLLE elaborado tras a recepción do IRA provisional así como as propostas de modificacións non substanciais da memoria do GLLE.

O Informe de renovación de acreditación (Informe Acreditación final_ GLLE 2023) e a Memoria de Calidade do Centro correspondente ao curso 2022-23, así como os informes de seguimento anteriores son públicos e están dispoñibles no apartado Documentación do SGC da páxina web da Facultade, o cal permite a todos os grupos de interese acceder a esta documentación e contribuír á reflexión e á mellora do título.

## Accións de análise e revisión

A análise dos resultados do título e a toma de decisión para a mellora son realizados de forma sistemática, seguindo as pautas establecidas no *Manual* do SGIC, por parte da Comisión de Títulos de Grado, que analiza anualmente os resultados e elabora un informe de seguimento e propostas de accións de mellora. Tanto os IS como os plans de mellora son sometidos á aprobación da Comisión de Calidade do Centro, para revisión e eventuais suxestións. Finalmente, son aprobados pola Xunta de Facultade e, posteriormente, elevados á Axencia para a Calidade do Sistema Universitario Galego (ACSUG). No seguimento anual son analizados, ademais do desenvolvemento e dos resultados do título, a execución e a eficacia das accións de mellora propostas no exercicio anterior, así como as eventuais recomendacións derivadas dos procesos de avaliación externos.

## Seguimento das melloras do título

### Accións de mellora Agenda 2023-2024

AM-01: Tramitar durante o curso 2023-24, segundo os prazos establecidos a tal efecto pola USC, as modificacións na memoria do título necesarias para actualizala e mellorar a organización académica do título. Esta acción levaba asociada dúas tarefas, a primeira introducir na memoria as modificacións aprobadas en cursos previos, e a segunda introducir na memoria as modificacións non substanciais aprobadas na CA do 17 de novembro de 2023. Ambas tarefas foron executadas.

AM-02: Elaborar un documento, cunha breve lista de preguntas sobre aspectos esenciais do título, para dirixir aos grupos de interese nas reunións respectivas (profesorado e alumnado), coa fin de asegurar a obtención de información comparable dun curso a outro. Entre as preguntas destinadas ao alumnado debe haber unha relativa á coordinación entre o profesorado do título. A tarefa prevista foi executada deste xeito: actualmente realízanse encontros co alumnado tras a finalización da defensa de TFG onde se lles pregunta sobre a súa satisfacción xeral co título.

AM-03: Actualizar a versión inglesa da información sobre o título. En abril de 2024 foron comparados os textos da páxina web do título en castelán e inglés para identificar grallas e erros de tradución. No propio texto español detectáronse grallas. Ao comprobar que o texto en inglés precisaba dunha revisión profunda, foi proposta ao Decano da Facultade a contratación dun tradutor que procedese a revisar tódolos textos dos graos da Facultade. A tarefa foi executada e acción mostrouse eficaz.

AM-04: Mellorar a información que reciben os estudantes sobre os programas de mobilidade. A tarefa asociada é enviar un escrito desde a coordinación do grao aos coordinadores dos programas de intercambio sobre as validacións. A mensaxe enviouse o 16 de abril de 2025.

AM-05: Incentivar a participación do alumnado e do profesorado nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida/impartida e na de satisfacción co título. Esta acción levaba asociadas dúas tarefas: a primeira, enviar unha mensaxe ao profesorado para que destine dez minutos das últimas clases nas que está aberto o período de realización das enquisas para que sexan cubertas polo alumnado, e a segunda, enviar desde o curso virtual de coordinación unha comunicación ao alumnado, a través do Curso de coordinación do GLLE, unha vez comprobadas as taxas de resposta mediante a aplicación proporcionada polo Centro de proceso de Datos, que permite que cada profesor/a vexa en tempo real o número de enquisas cubertas. Ambas tarefas están a executarse no presente curso 2024-2025. Como xa se indicou no apartado 1.2., a participación nas enquisas coa docencia recibida subiu no curso 2023-2024 ata o o 51.54%. Esta subida débese, probablemente, á Acción de Mellora 04 da axenda do curso 2022-2023, e a mencionada medida tomada desde o Decanato da Facultade de Filoloxía, implantada xa no curso 2023-24, de destinar dez minutos dunha clase a que o alumnado cubra a enquisa. Dada a importancia da participación nas enquisas, non só do estudantado coa docencia recibida, senón tamén do profesorado coa impartida e, así mesmo, coa titulación, é necesario programar unha acción de mellora neste sentido no IS actual.

Accións de mellora Agenda 2024-25

AM-01: Incentivar a participación do alumnado nas enquisas de satisfación coa docencia recibida. Esta acción leva asociadas dúas tarefas: a primeira enviar unha mensaxe ao profesorado para que destine dez minutos das últimas clases nas que está aberto o período de realización das enquisas para que sexan cubertas polo alumnado, e a segunda enviar desde o curso virtual de coordinación unha comunicación ao estudantado, a través do Curso de coordinación do GLLE, unha vez comprobadas as taxas de resposta mediante a aplicación proporcionada polo Centro de proceso de Datos, que permite que cada profesor/a vexa en tempo real o número de enquisas cubertas.

AM-02: Incentivar a participación do estudantado nas enquisas de satisfacción co TFG. Esta acción leva asociada dúas tarefas: a primeira enviar unha mensaxe aos profesores titores de TFG para que informen os alumnos que titorizan da importancia de asistir a estes encontros. Pódese enviar unha mensaxe modelo aos titores na que se incida nas vantaxes do encontro, na brevidade da enquisa e no valor das respostas para mellorar a experiencia de futuros estudantes. A segunda tarefa é enviar unha mensaxe aos alumnos que van defender o seu TFG para motivalos a participar nos encontros. Pode incidirse na brevidade da enquisa e en que se terán en conta as súas respostas para mellorar a experiencia do TFG para futuros estudantes.

AM-03: Mellorar a información que recibe o estudantado sobre o inicio da carreira académica e investigadora. A tarefa asociada a esta acción consiste en organizar unha sesión informativa de introdución á carreira investigadora, en concreto sobre a bolsa de colaboración en Departamento do Ministerio de Educación, Cultura e Deportes. Nesta sesión pódese informar os estudantes dos grupos de investigación do Departamento en Lingua e Literatura Españolas, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral, nos que poden introducirse coa bolsa de colaboración. Tamén se pode contar con estudantes que gocen nese momento desta bolsa e poidan falar da súa experiencia.

As AM programadas constitúen unha evidencia clara de que o título posúe unha vocación de mellora permanente, que implica a análise de resultados e a implantación de accións encamiñadas a mellorar a súa eficacia en diferentes facetas e ámbitos.

AM-04: Promover un uso ético e adecuado dos dispositivos electrónicos na aula por parte dos estudantes. O obxectivo é concienciar ao estudantado da necesidade de empregar na aula móbiles, portátiles e tablets de forma respectuosa co docente e os compañeiros e as compañeiras, e só cando sexa conveniente. Esta acción proponse debido á constatación de empregos pouco éticos ou respectuosos dos dispositivos electrónicos durante as clases, así como da posibilidade de que estes interrompan o adecuado desenvolvemento da docencia. Esta acción leva asociadas dúas tarefas: a primeira é aolicitar ás correspondentes instancias académicas un protocolo que regule o uso dos dispositivos electrónicos na aula,e a segunda informar na sesión de benvida do estudantado de novo ingreso da necesidade de utilizar os dispositivos electrónicos na aula de forma ética e adecuada.

**3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Sistema de Garantía de Calidade da USC, modificado desde o 22.02.2018, dispón dun breve manual xeral e outro para os centros, onde se explican detalladamente o alcance, a estrutura e os aspectos esenciais do seu funcionamento. Foron creados 8 procesos a nivel institucional e foron especificados 13 a nivel de centro.

Na Facultade de Filoloxía os traballos de revisión e mellora dos documentos do SGC foron realizados nos cursos 2018-19 e 2019-20, por unha banda, e durante o curso 2021-22, por outra. Están operativos dous manuais:

1) *Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Filoloxía*, adaptado ao novo SGC do 2018. Foron suprimidos procesos e procedementos obsoletos y foron adaptados os procesos ás características do centro. En 2022 foron modificados dous indicadores propios da Facultade y foi actualizado o mapa de procesos. En canto ao control de elaboración e aprobación, no curso 2023-2024 levouse a cabo na Comisión de Calidade o 23.10.2024, na que foi actualizado coa eliminación da mención dunha titulación extinguida e o engadido dun indicador e informe, e foi aprobado na Xunta de Facultade nese mesmo día. (Acta CC 23.10.2024 e Acta Xunta de Facultade 23.10.2024).

2) *Manual do Procesos da Facultade de Filoloxía.* Modificado dúas veces para adecualo ás modificacións introducidas no Manual. Estas modificacións foron aprobadas polos órganos competentes da Facultade o 27.02.2020 e o 07.07.2020, respectivamente. O *Manual de Procesos* tamén foi actualizado en outubro de 2024.

Ambos manuais están publicados e son accesibles na páxina web da Facultade, no apartado Documentación do SGC.

| DIMENSIÓN 2. RECURSOS |
|---|
| CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:<br>Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.<br>Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación. |
| 4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes. |
| Aspectos a valorar:<br>• O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.<br>• O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.<br>• A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.<br>• Participación do profesorado en programas de mobilidade.<br>• No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado. |

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Cualificación do profesorado

No referente á cualificación do profesorado, no curso 2023-2024 houbo poucos cambios respecto ao informe do curso anterior. A porcentaxe de **PDI doutor** que impartiu docencia no título foi do 85.84% un valor que lixeiramente inferior ao do curso previo (2022-23: 87.04%) (IN25G). A taxa de **PDI funcionario** con docencia no GLLE (66.37%) é algo inferior a do curso previo (2022-23: 69.44%) aínda lonxe da porcentaxe acadada no curso 2018-19, que fora de 72.64% (IN26G). Estes datos indican que, polo de agora, non se ten compensado a perda de capital humano producido no período 2017-2022.

Canto á **capacidade investigadora** do persoal docente do título, esta mantén boa saúde, con repercusión na calidade do ensino. Apréciase na existencia de numerosos grupos de investigación de referencia competitiva no seu ámbito, na captación de financiamento autonómico, nacional e internacional para proxectos e, tamén, no número de sexenios. A relación porcentual entre o PDI con sexenios e o PDI total con docencia no título foi no curso 2023-2024 é de 88.89% (IN24G). Como o factor tempo é unha compoñente inherente á acumulación de sexenios, as elevadas cifras apuntan a un progresivo envellecemento do cadro de PDI.

Por último, a **experiencia docente do PDI** do título continúa a ser moi ampla, xa que no curso 2023-24 o profesorado con docencia no GLLE acumulaba un total de 338 tramos de docencia, o que supón unha media de 3.67 de quinquenios por docente (E15).

Na docencia das **materias de primeiro curso** interveñen profesores con ampla experiencia docente, particularmente catedráticos, titulares e contratados doutores. Hai catro materias básicas de carácter transversal ("Lingüística 1"; "Lingüística 2", "Teoría e crítica literarias" e "Conceptos fundamentais de teoría literaria e literatura comparada") que son

cursadas por tódolos estudantes da Facultade de Filoloxía, polo que existen varios grupos de docencia expositiva e interactiva. Isto explica que o número de profesores involucrados sexa alto e que participen na docencia tanto PDI funcionario como contratados (Juan de la Cierva, predoutorais e posdoctorais de diferentes programas, Ramón y Cajal). A presencia destas figuras contractuais revela a capacidade de captación de talento dos grupos de investigación e permite que persoal máis novo se inicie na docencia universitaria (E15).

A axeitada distribución de docencia en momentos determinantes para a obtención de resultados óptimos na aprendizaxe compróbase tamén na titorización de Traballos de Fin de Grao. Os 44 traballos defendidos no curso 2023-2024 foron tutelados por 7 catedráticos, así como por 9 titulares, aos que se sumaron 1 profesora permanente laboral e 1 profesora axudante doutora (Titores_GLLE_TFG_2023-2024).

En canto ás prácticas externas de estudantes do GLLE, no curso 2023-24 a titorización académica foi levada a cabo por 6 docentes co seguinte perfil: 1 catedrática, 4 titulares e 1 investigador Ramón y Cajal. (Practicas_GLLE).

## Distribución da docencia

A distribución da docencia é coherente co peso porcentual que corresponde ás distintas categorías docentes. O PDI funcionario asumiu no curso 2023-24 o 61.39% das horas de docencia do GLLE. (E15). Os valores medios de estudantes por grupos de docencia son axeitados e axústanse tanto ás previsións establecidas na memoria de verificación como á programación académica anual da USC. Os datos das medias de alumnos matriculados en materias de formación básica e obrigatorias por grupo de docencia expositiva, que sufrira un incremento desde o curso 2018-19, baxou un pouco no curso 2022-2023 e subiu lixeiramente este curso 2023-24:

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 | 2023-24 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Total** | **56.02** | **59.70** | **63.13** | **61.93** | **56.40** | **58.07** |

Fonte: IN55G

As medias de alumnos matriculados en materias optativas por grupo expositivo son, loxicamente, menos elevadas, tendo en conta as características destas materias:

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 | 2023-24 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Total** | **33.95** | **32.42** | **32.70** | **35.55** | **34.64** | **34.65** |

Fonte: IN56G

Canto aos grupos de docencia interactiva, no último quinquenio as medias están por riba dos estándares previstos para docencia interactiva de seminario, sendo 30 o limiar para a creación dun novo grupo interactivo de seminario. Como xa se fixo constar no IRA 2022-23, no último curso do que temos cifras, o 2021-22, a media de estudantes no GLLE en Santiago foi 5 puntos máis alta que o promedio da USC. As medias reflicten a presencia de alumnado procedente de programas de mobilidade entrante e, se cadra tamén, a redución de grupos por efecto de xubilacións nalgunhas áreas concretas. A táboa recolle a media de alumnos por grupo de docencia interactiva:

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 | 2023-24 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Total** | **27.01** | **27.57** | **27.08** | **27.62** | **26.10** | **25.91** |

Fonte: IN32G

Programa de formación e innovación docente do profesorado da USC

A participación do PDI do GLLE nos plans de formación, que aumentara de forma significativa nos cursos 2019-20 e 2020-2021 por necesidade de adaptación á docencia non presencial, rexistra un descenso progresivo nos cursos 2021-22 e 2022-23, mais subiu no curso 2023-24 ata o 20.14.

| 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-2022 | 2022-23 | 2023-24 |
|---|---|---|---|---|---|
| 18.66 | 45.11 | 43.31 | 16.91 | 12.5 | 20.14 |

Fonte: I6-17 Facultade de Filoloxía

Os datos revelan que o interese na formación non é alto posiblemente a causa da prolongada experiencia docente do PDI do título. Porén, na enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida, á pregunta de "Estou interesado/a en recibir formación de apoio para a mellora da docencia (novos recursos docentes, novas tecnoloxías aplicadas á docencia)", o profesorado participante na enquisa responde favorablemente (puntúa con 4.52 sobre 5 esta cuestión) (INF 14).

Os datos de satisfacción do PDI coas actividades formativas desenvolvidas están referidos a tódolos participantes nos cursos de formación (INF 10), cunha taxa de participación do 44.09% (720 de 1633 convidados). As valoracións medias dos 9 ítems de valoración superan sempre os 4.5 puntos (sobre 5), o que indica que a valoración dos cursos de formación é moi favorable no conxunto do PDI participantes.

Mobilidade docente, visitantes, actividades de difusión e investigadores en formación

A mobilidade docente do profesorado do GLLE foi de 12% no curso 2023-24. Mellorou bastante nos tres últimos cursos con respecto aos cursos previos: non só descendera no curso 2020-21 (un dos cursos da pandemia) senón que no dous primeiros cursos do sexenio analizado, as porcentaxes de participación xa foran baixas, como se observa na seguinte táboa:

| 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-2022 | 2022-23 | 2023-2024 |
|---|---|---|---|---|---|
| 7.41 | 7.41 | 4.17 | 12.24 | 10.64 | 12 |

Fonte: I10. Porcentaxe de profesorado participante en programas de mobilidade

Actividades de difusión celebradas na Facultade de Filoloxía durante o curso 2022-23, organizadas por grupos do Departamento de Lingua e Literatura española, Teoría da Literatura e Lingüística xeral.

A) Organizadas polo Grupo de *Gramática do español* (GI-1372) (https://gramatica.usc.es/es/events )

- 31.10.23: Jornadas *La variación en español: un acercamiento discursivo a la interlengua de aprendices francófonos con datos de corpus*:
    - Yekaterina García Márkina (Université de Tours): «Dificultades de los aprendices francófonos en la selección de ser y estar en las construcciones atributivas».
    - Fabiana Álvarez-Ejzenberg (Université de Picardie Jules Verne): «Conectores pragmáticos y variación diatópica: el caso de la partícula pues».

- 11.12.23: Conferencia de las profesoras Sandra Gasparini Bastos y Talita Storti Garcia de la UNESP (Brasil): *Conectores concesivos en español y portugués bajo la perspectiva funcionalista*.

-16-17.1.24: Curso *Gramática y Enseñanza de ELE.* Teresa Fernández Lorences (Universidad de Oviedo).

-13-14.5.24: *II Congreso Internacional de Aplicacións da lingüística de corpus na didáctica das linguas*, organizado por María Sampedro Mella, Carmen Ballestero de Celis (Université Sorbonne Nouvelle), Grupo Gramática del Español, Grupo SPERTUS, Instituto da Lingua Galega (ILGA).

- 15.4.24: Conferencia del profesor Eric Beaumatin, catedrático de lingüística iberorrománica, de la Université Sorbonne Nouvelle (París): *Una propuesta de ley (francesa) contra la «discriminación por el acento»: buenas intenciones y problemática desencajada*.

B) Organizadas polo grupo de *Teoría da Literatura e Literatura comparada* (GI-1371):

(Informe intermedio GI-1371 USC 2024)

- 14-15.12.23: *Seminario “Borges, obra y maniobras mediáticas (1976-1986 y posteridad)”* A cargo de Annick Louis (École des hautes études en sciences sociales, Paría) con la colaboración de Marcelo Topuzian (Universidad de Buenos Aires).

- 19.4.24: Conferencia de Kamil Seruga (Universidad de Varsovia): *Identidades que importan. Apuntes sobre los estudios de género y queer en la literatura actual en español*.

- 6-8.5.24: Conferencia de Jorge Dubatti (Universidad de Buenos Aires): *Acontecimiento teatral y territorialidad*, dentro de la tercera edición de la tercera edición de *Pasaxes. Seminario permanente de Teoría literaria e Análise cultural*.

- 29, 30 y 31.5.24: *Simposio Internacional "O que virá: Conversas sobre literatura actual (e por nacer)"* dirigido por Paulo Gatica Cote.

- 5.6.24: *Seminario "Memoria, espacio y poder: discursos y representaciones"*, coorganizado por el Grupo de TLLC y el Proyecto LIMCE con el apoyo de la Cátedra Institucional Rosalía de Castro.

- 3, 4 y 5.7.24: *II Simposio Memoria pública y posteridad literaria*, organizado por el proyecto LIMCE y la Cátedra Institucional Rosalía de Castro.

C) Organizadas polo grupo *Valle-Inclán-Givius* (GI-1374):

(Actividades Grupo Investigacion_Catedra Valle-Inclan 2023-2024)

- 2023: Exposición "Valle-Inclán íntimo": Pazo de Fonseca da USC (Salón Artesoado, Capela e Sancristia): 5 seccciomes dedicadas a exponer el Patrimonio Artístico personal de Valle-Inclán, inédito.
  Fechas: 9 de febrero a 1 de abril de 2023
  Organiza y Coordina: Cátedra Valle-Inclán USC
  Diseño: ta ta ta Comunicación
  Colaboraciones: USC, Catedra Valle-Inclán, GPC (Givius-Literatura e Iacobus-Arte) a través da Xunta de Galicia, Deputación da Coruña y La Voz de Galicia S.L.

- 2024: Colaboración con el Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía con aportación de documentos gráficos y textuales de y sobre Valle-Inclán para la Exposición "Esperpento. Arte popular y revolución estética". Madrid: Ministerio de Cultura, ISBN: 788480-266635. Veáse índices del catálogo de título homónimo (octubre 1924) en el que figuran los materiales aportados (pp. 17 (primera nota), 353, 354 y 356). Citan el www.archivodigitalvalleinclan.es.

D) Organizadas polo grupo *Calderón* (GI-1377):

(Actividades Calderón Gramática Quevedo)

- 19.6.24: Conferencia de Arnulfo Herrera (profesor investigador de la UNAM): *La investigación sobre el Siglo de Oro en México.*
-

E) Organizadas polo grupo *O século de Quevedo: prosa e poesía lírica* (GI-1373):

(Actividades Calderón Gramática Quevedo)

- 25, 26 y 27.3.24: *III Xornadas de Iniciación á Investigación en Estudos da Literatura*.
  Organizadores: David Lea, Paula Gregores Pereira, Ana Bustelo Vega. Colaboración como coordinadora del programa de doctorado: Soledad Pérez-Abadín Barro. Universidade de Santiago de Compostela, Programa de doutoramento en Estudos da Literatura e da Cultura, Grupo Quevedo da USC, Grupo de Teoría da Literatura e Literatura Comparada da USC. Facultade de Filoloxía y Fundación Camilo José Cela (Iría Flavia-Padrón).

Persoal docente e investigador en formación e posdoutoral

Proporciónanse unicamente os datos do persoal destas características pertencente ás áreas de coñecemento do Departamento de Lingua e Literatura españolas, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral: 1 Juan de la Cierva, 2 posdoutoral Xunta, 6 predoutoral Ministerio, 5 predoutoral Xunta e 1 Ramón e Cajal (Profesorado).

| 4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos. |
|---|

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Na liña do sinalado nos informes de seguimento dos cursos anteriores, o cadro de Persoal de Administración e Servizos (PAS) da Facultade de Filoloxía é suficiente para atender as necesidades fundamentais do PDI e do alumnado de todas as titulacións oficiais de grao, máster e doutoramento ofrecidas pola centro. O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación esixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación, co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe.

O persoal de Administración e Servizos está composto por:

| Rama | Posto | Nº | Relación Contractual | Grupo/ Categoría |
|---|---|---|---|---|
| Administración | Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos | 1 | Funcionario | C1/A2/A1 |
| | Responsable de Asuntos Económicos | 1 | Funcionario | C1 |
| | Secretaría de Decanato | 1 | Funcionario | C1 |
| | Secretaría de Departamento | 4 | Funcionario | C1 |
| | Postos base | 2 | Funcionario | C2 |
| Servizos | Responsable do Punto de Atención, Información e Servizos | 1 | Laboral | Grupo 4 |
| | Axudante Técnico de Servizos | 3 | Laboral | Grupo 4 |
| Biblioteca | Dirección da Biblioteca | 1 | Funcionario | A1/A2/C1 |
| | Axudante de Biblioteca | 3 | Funcionario | A2/C1 |
| | Auxiliares de Biblioteca | 6 | Funcionario | C1 |

(Informe PTXAS Decanato e Persoal biblioteca)

Ao igual que en anos anteriores, a Facultade reitera a necesidade dun/dunha técnico informático/a que se encargue do mantemento do equipamento técnico, tanto informático coma audiovisual, de apoio á docencia instalado nas aulas, seminarios, aulas de informática, salas de videoconferencia e laboratorios de idiomas, así como de apoio técnico para a incorporación de novas tecnoloxías a usos docentes. Por outra banda, segundo as demandas do servizo correspondente, tanto o persoal auxiliar de biblioteca como o persoal técnico resulta insuficiente para ofrecer todos os servizos necesarios e para levar a cabo as melloras previstas na Biblioteca, quer de apoio á aprendizaxe, quer de apoio á investigación. Na Biblioteca realízanse tarefas técnicas de procesamento dos dos fondos bibliográficos, labores de información, referencia e difusión, así como formación de usuarios e asesoramento ao PDI.

No referente ás enquisas de satisfacción do PAS, o INF21 indica que participación foi do 50% (12 enquisas cubertas de 24). No nivel de satisfacción global foi de 4 (sobre 5). Por ítems, as valoracións son positivas, por riba de 4 puntos en 7 das preguntas. As valoracións inferiores refírense á coordinación con outras unidades da universidade (3.08), as condicións do posto de traballo (3.5) e as condicións laborais (salario, horarios, etc.) (3.58). As mellores puntuacións acádanse nos items que se refiren á importancia da formación para menter a calidade do traballo (4.42) e a accesibilidade ao posto de traballo (4.25).

Na Facultade de Filoloxía, un 58.33% do PAS participou en programas de formación durante o curso 2023-2024, segundo o I6-17, unha porcentaxe inferior á do curso previo 2022-2023 (70.83%), mais algo superior ao curso 2021-22 (54.55%).

A valoración da satisfacción coa formación recibida mantense en bos niveis, cun valor medio de 7.98 (sobre 10). A enquisa foi respondida por un 54.54% do PAS (enquisa global para todo o PAS da USC) (INF 11).

| DIMENSIÓN 2. RECURSOS |
|---|
| CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:<br>**Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.**<br>Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título. |
| 5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes. |
| Aspectos a valorar:<br>• As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, …<br>• Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistencias e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), …<br>• Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.<br>• Os fondos bibliográficos, recursos documentais,… son suficientes e están actualizados.<br>• No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.<br>• Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,…) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.<br>• Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.<br>• Os programas de acollida e apoio ao estudante oriéntano no funcionamento da institución.<br>• Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analizase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).<br>• No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias. |
| **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**<br><br>En conxunto, **as infraestruturas destinadas ao proceso formativo na Facultade** son as adecuadas no centros no que se desenvolve o título. Destacamos os fondos bibliográficos e recursos documentais, que son suficientes e están en actualización permanente.<br>Resúmense de seguido os datos referidos ás **actuacións e melloras a nivel da Facultade de Filoloxía** correspondentes ao curso 2023-2024. Estes datos complementan ou actualizan a información dos informes de seguimento dos cursos anteriores, e do IRA 2022-23, referida a diversos ámbitos: espazos, biblioteca, equipamentos e infraestruturas docentes, campus virtual, accesibilidade e prevención de riscos e servizos de orientación e atención ao alumnado. |

A Biblioteca da Facultade de Filoloxía é un centro de recursos de información que ten como misión dar apoio á aprendizaxe, á docencia e á investigación, facilitando o acceso e a difusión dos recursos de información.

A súa visión é ofrecer servizos de calidade que sirvan de apoio aos estudantes da facultade na súa formación e aos profesores e investigadores en todo o proceso de creación de coñecemento. Debe converterse nun centro activo de recursos que fomente o aprendizaxe e a investigación, aberto ao futuro e innovador. Debe ser visto como un espazo de inclusión e diversidade onde se fomente a aprendizaxe intercultural e a cooperación entre os distintos membros da Facultade e de toda a comunidade universitaria.

Segundo o Regulamento de Réxime interno da Facultade de Filoloxía da USC (2020), "a Facultade de Filoloxía é un centro encargado do deseño, planificación da docencia, organización e xestión dos estudos conducentes á obtención de títulos académicos oficiais de grao e mestrado do ámbito dos estudos filolóxicos adscritos a ela ". A Biblioteca da Facultade de Filoloxía debe contribuír, apoiar e prestar os seus servizos para a consecución dos ditos obxectivos.

A Biblioteca de Filoloxía, presta os seus servizos aos seguintes usuarios e titulacións:

| TITULACIÓNS | ALUMNOS | PROFESORES |
|---|---|---|
| Grao en Lingua e Lit. Españolas | 307 | 52 |
| Grao en Lingua e Lit. Galegas | 224 | 45 |
| Grao en Lingua e Lit. Inglesas | 491 | 53 |
| Grao en Filoloxía Clásica | 57 | 33 |
| Grao en Ling. e Lit. Modernas | 292 | |
| Máster Univ. en Est. Med. Europeos | 31 | |
| Máster Univ. en Est. da lit. e da Cultura | 26 | |
| Máster Univ. en Est. Ingleses Avanzados | 28 | |
| Máster Univ. en Lingüística Aplicada | 13 | |
| Máster Univ. Erasmus Mundus en Lexicografía | 8 | |
| TOTAL USUARIOS | 1.448 | 179 |

As principais áreas de coñecemento representadas nos fondos da Biblioteca son:

Filoloxía Española, Filoloxía Francesa, Filoloxía Galega, Filoloxía Portuguesa, Filoloxía italiana, Filoloxía Románica, Filoloxía Alemá, Filoloxía Inglesa, Filoloxía Latina, Filoloxía Grega, Lingüística e Teoría da Literatura.

Os fondos bibliográficos da Biblioteca de Filoloxía están divididos en:

- Unha colección básica destinada ao estudo, composta principalmente, polas bibliografías recomendadas así como polos manuais de uso máis frecuente, os dicionarios e enciclopedias e os libros de lectura obrigatoria.
  Esta colección ten presuposto propio, está situada na Sala de Lectura da Biblioteca e é de acceso directo para todos os usuarios. É a sección coñecida como Frecuente.
- Outra colección formada, principalmente, polas obras destinadas á docencia e investigación. Se adquiren co presuposto asignado nos orzamentos da BUSC e polos fondos destinados á adquisicións bibliográficas do diñeiro que transfire a facultade, dos proxectos de investigación e os presupostos dos departamentos.
- Habería que destacar tamén, ademais dos libros que ingresan por compra na biblioteca, os numerosos donativos que recibe tanto de entidades, fundacións, persoais...

No ano 2023 ingresaron na biblioteca da Facultade de Filoloxía un total de 1.970 monografías en papel.

Esta colección está situada no andar -1 e o seu acceso está restrinxido ao persoal autorizado. Unha pequena parte está tamén situada na Sala de lectura. No andar -1 están situadas tamén a maior parte das revistas pechadas en módulos compactos.

No andar 1 atópanse as publicacións periódicas, tanto en curso como algunhas canceladas, e o seu acceso é libre.

No andar 2 atópanse a Sala de Investigadores coa Sección Reserva, a Cátedra Valente e a Cátedra Valle-Inclán. O acceso ás Cátedras está restrinxido.

As coleccións da Biblioteca, comprenden máis de 211.000 volumes de monografías e máis de 2.600 títulos de revistas, das que 161 están en curso de recepción.

Conta tamén con importantes bases de datos:
Acta Sanctorum, Brepolis, Linguistic on Language Behavior Abstracts (LLBA), Lion Literatura Online, Mirabile, MLA, Patrología Latina Database, Thesaurus Linguae Graecae (TLG) e Thesaurus Linguae Latinae (TLL).

Habería que destacar a importancia da biblioteca universitaria na formación académica, concibida como un espazo de aprendizaxe e onde o estudante atopa todas as ferramentas que vai manexar durante a súa vida universitaria e unha delas é a bibliografía recomendada.

Estas bibliografías están formadas por todas aquelas obras que os profesores recomendan nas guías docentes das materias de grao e máster que se imparten na facultade. A biblioteca facilitará aos alumnos o acceso aos documentos ou literatura fundamental que necesiten.

Os programas das materias para o curso 2023-2024 foron aprobados en Xunta de Facultade o día 2 de xuño de 2023.
A partir desta data, a biblioteca revisa estas materias e realiza unha selección de documentos de todo tipo, recomendados nas guías docentes, para proceder á adquisición das obras que non formen parte dos fondos da biblioteca, sobre todo no caso das bibliografías recomendadas.

Nas enquisas realizadas pola Biblioteca a finais de xuño ao PDI e alumnado do Centro, en relación co grao de satisfacción cos recursos ofrecidos, os resultados foron:

- O 81 % do alumnado expresa un grao de satisfacción de entre 7 e 10 (sobre 10) respecto á dispoñibilidade das bibliografías recomendadas polo profesorado na biblioteca.
- O 93% do alumnado cualifica entre 7 e 10 os recursos dos que dispón para os seus estudos.
- O 93 % dos alumnos cualifican á biblioteca cun 7-10.
- A valoración global da biblioteca, para o PDI, é de 9-10 para o 80%.

(Informe fondos bibliográficos 2023-24)

Equipamento e infraestruturas

Durante o curso 2023-2024 as melloras máis significativas do curso obxecto de informe (renovación de equipamento informático, adquisición de mobiliario, acondicionamento e mantemento dos espazos) son as seguintes:

- Compra de 2 monitor 75" e 4 cámaras
- Cable, cableado e servizo de instalación, material funxible e canalizados

- Traballos de pintura
- Subministro de mobiliario salas
- Modificación de instalacións eléctricas nos seminarios da Facultade de Filoloxía
- Control de plagas 2024
- Suministro e instalación de 9 regletas de corrente empotradas nas mesas de traballo
- Instalación tomas de rede na reforma de despachos na Biblioteca (pta.1) en Filoloxía
- Obra completa para a creación e instalación dunha porta na Biblioteca
- Compra de 1 Monitor 75" Philips B-Line para sala común
- Compra de cilindros de pechaduras e amaestramento de chaves
- Mantemento e limpeza Soportales Facultade
- Compra de 30 Tubo LED ST8V EM 1500 18.3W 840 2200LM e 30 Coste RAEE lámpadas
- Por espuma e tapizar 74 cadeiras
- Son para cambiar as barras antipático das portas do vestíbulo que dan ó norte
- Instalación de tomas de corriente en mesados de la biblioteca de Filología
- Arranxo e adaptación de estanterías, mesas e máis mobiliario

(Investimentos curso 2023-2024)

Servizos propios da Facultade de Filoloxía de orientación e atención ao alumnado

A política activa de orientación e atención ao estudantado que se viña desenvolvendo dende había anos por medio de accións a distintos niveis cristalizou nun Plan de Acción Titorial (PAT) aprobado no curso 2016-17. Resumo das actividades desenvolvidas no ámbito do PAT durante o curso 2023-2024:

. **Actividades de acollida** e **orientación** incluídas no PAT:

- Sesión de **benvida** aos estudantes de grao de novo ingreso (11.09.2024)
- Sesión de **benvida e orientación** para estudantes de mestrados (por mestrado)
- Actos de recepción de **estudantes alleos**
- Sesión informativa sobre o programa de **prácticas externas** para os estudantes dos títulos de grao da Facultade (19/09/2023)
- Sesión informativa sobre o **TFG** para estudantes de cuarto curso (28/09/2023)
- Sesión informativa sobre **as convocatorias de programas de mobilidade de estudantes**, dirixida a estudantes de segundo e terceiro cursos
- **Cursos de formación** en competencias en información organizados pola Biblioteca (Dende 25/09/2023)
- **Actividades formativas para a elaboración e defensa dos TFG**: Obradoiros (17/11/2023 y 4 y 11/12/2023)
- Sesión informativa sobre a **oferta de módulos complementarios e optativos dos títulos de grao**, para estudantes de 1º e 2º dos diferentes graos
- Sesión informativa sobre a **oferta dos Mestrados do Centro**, para o estudantado que está a cursar o último ano de Grao (9-11/4/2024).
- Participación no *Proxecto Mentoring, Desenvolvemento profesional da USC* (Área de Orientación Laboral e Emprego).
- **Encontros con egresad@s.** *Camiños da Filoloxía* (16-18/4/2024)

- Encontros con alumnado de cuarto (nas datas defensa TFG de xuño, xullo e setembro)

Fuente: aula virtual *Coordinación del GLLE curso 2023-2024*.

O Estudantado do Plan de Acción Titorial ten un horario de atención semanal e participa nas Xornadas de acollida na Facultade de Filoloxía:

- Sara Mei Ferro Sufuentes
- Iria Liñares Cereixo

2. Participación da Facultade de Filoloxía en distintas actividades do programa A Ponte entre o ensino medio e a USC:

- **Charlas temáticas** impartidas por profesorado da Facultade de Filoloxía. Ofértanse ao longo do curso, en función dos acordos entre os poñentes e os centros de secundaria.
  - Prof. Victor Millet Schroder: “Filoloxías con futuro: tradicionais e dixitais”
  - Prof. Cristina Mourón Figueroa: “Harry Potter and British Tradition: Ghosts, Fairies and Fabulous Beasts”
  - Prof. Gabriela Prego Vázquez y Luz Zas Varela: “Qué significa ser plurilingüe?”
  - Prof. Nuria Rodríguez Pereira: “Linguas modernas e as súas literaturas: que son e para que serven?”
  - Prof. Xulio César Sousa Fernández: “Os mitos da lingua”.
  - Prof. M.ª José Alonso Veloso: “O obradoiro do filólogo e a conservación do patrimonio literario”; “Un Século de Ouro á marxe: aproximación á poesía escrita por mulleres”; “A poesía barroca: Góngora e Quevedo fronte a fronte (con Lope de fondo)”.
  - Prof. Francisco Dubert García: “Que é a gramática?”

(Charlas temáticas 2023-2024) (Charlas A Ponte 23_24)

- **Encontros na Zona USC 2023-2024**. O programa ENCONTROS na Zona USC permite que o alumnado de Ensino Medio poida visitar os distintos centros da universidade cando se está desenvolvendo a actividade académica ordinaria para coñecer en directo a universidade coa participación do equipo decanal, a coordinadora A Ponte, as coordinadoras dos graos e o alumnado titor.
- **Encontros Virtuais na Zona USC:** Conexións telemáticas coas coordinadoras dos Graos e co estudantado de Bacharelato para atender as súas dúbidas sobre as titulacións ofertadas na Facultade. Celebrados os días 21, 22, 25 e 26 de marzo de 2024.
  Esta actividade dispón dunha **páxina web propia** (Encontros virtuais na Zona USC), que ofrece aos posibles alumnos a posibilidade de coñecer a USC a través de páxinas informativas de cada facultade, como en directo a través de videoconferencias organizadas polos diferentes Graos.
- Participación nas **visitas aos centros educativos** para informar sobre as probas ABAU e os diferentes Graos ofertados na USC. Presentacións realizadas pola coordinadora A Ponte, Luz Zas Varela. Programa aberto durante todo o curso.
- A USC camiña. Xornada de achegamento á USC. Programa aberto durante todo o curso.

3. STEMbach

STEMbach ou Bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía, pensado tanto para a modalidade de Humanidades como para a de Ciencias e creado ao abeiro da Estratexia galega para a educación dixital,

Proxectos abertos para o periodo 2023-2025:

- Profesores Victor Millet Schröder, María José Domínguez Vázquez e Emilio González Miranda: "Tratamento dixital da lingua e as súas aplicacións". IES Aquis Celenis de Caldas de Reis.
- Profesora María José Alonso Veloso: "A poesía do Século de Ouro". IES Rosalía de Castro de Santiago de Compostela e Compañía de María en Santiago.
- Profesores Paloma Núñez Pertejo e Ignacio Palacios. "A presenza do inglés na expresión habitual da mocidade galega".
- Profesores Elias Torres Feijó e Emilio Carral Vilariño. "Auto-estima e desenvolvimento locais e visitantes".
- Profesora Nuria Rodríguez Pedreira. "A xerga xuvenil na comunicación mediada por ordenador: tándem lingüístico entre a mocidade galega e francófona".
- Profesores Paulo Gatica Cote e Maria Dolors Perarnau Vidal. "Literatura e ecoloxía: sobre a paisaxe nas literaturas peninsulares".

| DIMENSIÓN 3. RESULTADOS | |
|---|---|

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os resultados obtidos no curso analizado demostran o cumprimento do programa formativo, e tamén unha estrita adecuación ao nivel MECES. O seguimento permanente do título e os datos dispoñibles desde a súa implantación evidencian que o GLLE pon a disposición dos seus estudantes un proceso formativo que culmina coa adquisición das competencias previstas na memoria de verificación.

Resultados nas materias de primeiro curso

Como se describiu en detalle no IRA 2022-23, as porcentaxes máis altas de non presentados e de suspensos adoitan rexistrarse nas materias do primeiro curso do grao, aínda que non están asociadas a materias concretas, dada a variación curso a curso que presentan estes valores comparando diferentes materias. Cómpre ter en conta, ademais, que as taxas máis baixas do primeiro curso son comprensibles, debido a factores como o cambio de ciclo, o necesario proceso de adaptación do alumnado a un novo sistema de estudo, etc. Malia existiren algunhas materias que na serie histórica do GLLE parecen implicar un maior grao de dificultade para os alumnos, non se pode deducir a existencia de problemas nin tampouco a necesidade de intervención algunha.

No curso 2023-2024 **as materias que presentan unha taxa de Suspenso igual ou superior ao 20%** son todas materias básicas ou do Maior (non se fai referencia a materias optativas que poden ter porcentaxes máis elevadas de suspensos, pero que corresponden a 1 ou 2 estudantes). Son as seguintes: *Lingua italiana 2*: 21.21%, *Literatura española: Ilustración y Romanticismo*: 21.43%, *Lingua galega 1*: 22.73%, *Gramática española 2: Sintaxe*: 27.08%, *Lingua francesa 2*: 44.44% (INF 15)

A materia *Fonética e Fonoloxía do Español*, que rexistrou altos valores de Suspenso e NP no curso 2020-2021 (un 18,33%) mellorou sensiblemente estas porcentaxes no curso 2022-23 (6,25% de S e 9,38% de NP) e no curso 2023-24 subiu de novo a porcentaxe de suspensos: 18.18% (e 6.82% de NP). Doutra banda, os resultados da materia *Gramática Española 2: Sintaxe* amosan unha considerable variación curso a curso: 4,69% no 2020-21, 25,42% no 2021-22 e 15,38% no 2022-23, e 27.08% no 2023-24, o que leva a pensar que se trata de flutuacións ligadas á diversidade de intereses e mesmo de competencias iniciais do alumnado matriculado.

Resultados na materia Traballo de Fin de Grao

O carácter particular da materia TFG ten interese especial, pois dá conta da idoneidade do proceso de aprendizaxe, con taxas de superación da materia moi elevadas. A taxa de éxito desta disciplina foi en Santiago do 100,00% no curso 2023-2024. Cómpre destacar que segue a ser elevada a taxa de «non presentados» (19.7% no curso 2023-24; foi de 21,54% no curso 2022-23) e a de Renuncias (13.64% no curso 2023-24; foi de 12,31% no curso 2022-23), xa que supón que 22 estudantes renunciaron a presentar o TFG nese curso académico. (INF 15 corrixido co documento "Titores GLLE_TFG_2023-24, pois o número de NT correcto é 14 e non 13). Como é sabido, ata agora a normativa de permanencia impedía ao alumnado defender o TFG no caso de ter pendente algunha outra materia do plan de estudos; esta limitación levaba quizais a non poucos titores a recomendar a renuncia, para favorecer que os esforzos do alumnado se canalicen cara ao éxito nas materias pendentes, e non tanto cara ao proceso de elaboración dun TFG que probablemente non se poida defender no último momento. Tendo en conta que só era posible solicitar unha vez a prórroga do traballo, a renuncia semella a mellor opción nalgúns casos. Pola contra, entre os que decidían non renunciar, pode suceder que a dedicación ao TFG non resultase tan produtiva ao atender materias pendentes, polo que desafortunadamente a opción final é o non presentado.

É de esperar que o número de renuncias diminúa a partir do curso 2024-25 coa aplicación da nova "Normativa do TFG das titulacións de grao da Facultade de Filoloxía" aprobada no Consello de Goberno o 30 de xaneiro de 2025, que "permite que o estudantado poida presentar e defender o TFG con créditos pendentes de superación co límite máximo de 18 ECTS no caso dos graos".

No curso 2023-24 foron defendidos 44 TFG, con resultados que confirman a adquisición das competencias descritas na memoria de verificación do título. Na seguinte táboa compáranse os datos dos tres últimos cursos.

| Curso | Aprobado | Notable | Sobresaliente | MH | Total |
|---|---|---|---|---|---|
| 2020-21 | 8 | 20 | 14 | 2 | 44 |
| 2021-22 | 10 | 10 | 20 | 3 | 43 |
| 2022-23 | 7 | 20 | 14 | 3 | 44 |
| 2023-24 | 5 | 14 | 22 | 3 | 44 |

Fonte: Titores GLLE_TFG_2023-2024

Cómpre destacar a porcentaxe de TFG que obtén unha cualificación superior a Aprobado. Ademais, é repetitivo o feito de que a suma das cualificacións de Notable e Sobresaliente é a maior que a de aprobado.

Dos bos resultados dos TFG defendidos da boa conta o feito de que a Xunta Diretiva de AELex (Asociación Española de Estudios Lexicográficos) outorgou por unanimidade o III Premio AELex ao mellor TFG sobre Lexicografía Hispánica 2024 ao TFG de André Nerga García, por un traballo defendido con MH no curso 2022-23 titulado *Revisión didáctico-lexicográfica de diccionarios escolares bilingües entre el griego clásico y el español*, dirixido por Mar Campos Souto, profesora do GLLE.

Na páxina web da Facultade de Filoloxía, no enlace aos *Traballos presentados* (https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/tfg/traballos-presentados) poden consultarse os títulos, resumos, titores e tribunal, seleccionando por curso académico e por titulación.

Valoración do programa formativo

A idoneidade da actividade académica desenvolvida pode valorarse a través das **enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida** (o cumprimento dos obxectivos do programa formativo explícase máis abaixo no apartado 7.2.). A porcentaxe global de participación na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida no curso 2023-24 subiu ata un 51.54%, como xa se comentou (no curso 2022-23 foi de 17.38%), se ben aínda podería ser mellor.

Destácanse de seguido algúns aspectos concretos relacionados coa aprendizaxe prevista e conseguida polo alumnado no curso 2023-24. Como se desprende da táboa, os resultados son positivos en todos os elementos considerados. A **valoración global é de** 4.18 (sobre 5). O curso 2022-23 foi de 4.12, unha valoración moi similar (**INF 13**)

| O/A profesor/a (na súa materia) | 2021-22 | 2022-23 | 2023-24 |
|---|---|---|---|
| Explica a programación da materia e os criterios de avaliación | 4.34 | 4.39 | 4.45 |
| Cumpre co programa e co plan de traballo previsto | 4.46 | 4. 44 | 4.35 |
| Proporciona información previa dos criterios para corrección de exames e traballos | 4.07 | 4.19 | 4.13 |
| Organiza ben as clases e explica con claridade | 4.15 | 4.08 | 4.12 |
| Motiva a participación crítica e activa do alumnado no desenvolvemento da clase | 3.99 | 4.23 | 4.13 |
| Fai ver a relevancia da materia e o seu interese para a miña formación | 3.98 | 4.05 | 4.00 |
| Propón actividades para favorecer a aprendizaxe autónoma dos/as estudantes | 4,00 | 4.00 | 3.94 |
| Resolve as dúbidas que se lle formulan (clases, titorías, aula virtual, correo electrónico…) | 4,42 | 4.54 | 4.53 |

Como se pode apreciar, os indicadores de satisfacción son moi positivos en conxunto e, mesmo nos aspectos con puntuación máis baixa (*Fai que a asistencia a clase resulte proveitosa* e *Propón actividades para favorecer a aprendizaxe autónoma dos/as estudantes*), supérase o 3.9. En xeral, estes resultados mostran pouca flutuación fronte ao curso anterior.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

1. Demanda

No apartado 1.1. deste informe menciónase que as cifras relativas á evolución do número de estudantes de novo ingreso confirman o atractivo da formación ofrecida e o éxito de implantación do título. Apréciase unha demanda consolidada no tempo, como quedou comentado en detalle no apartado 1.4. deste informe. Os esforzos da Facultade de Filoloxía no traballo de captación están dando froitos, a xulgar pola resposta na demanda.

2. Resultados

- *Taxa de rendemento* (créditos superados con respecto aos matriculados). No curso 2023-2024 a taxa de rendemento foi do 83.57%. Tanto esta taxa como a dos 3 cursos anteriores superan o obxectivo fixado na memoria de verificación, que era do 77%. No histórico deste indicador apréciase unha mellora paulatina desde 2014-15, un dato moi positivo. Comparativamente co resto, a media do curso 2019-20 (86.08) resulta excepcionalmente alta, seguida da do curso sobre o que se fai este informe. É difícil identificar a causa destas oscilacións.

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 | 2023-24 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Total** | **76.46** | **86.08** | **83.20** | **80.38** | **80.68** | **83.57** |

Fonte: IN34G

- *Taxa de éxito* (créditos superados con respecto aos presentados). Este índice presenta un valor do 91.12%, en lixeiro ascenso comparado co curso 2022-23. Resulta un valor alto (a media da USC é de 87.67%).

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 | 2023-24 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Total** | **88.08** | **94.35** | **90.67** | **90.44** | **90.33** | **91.12** |

Fonte: IN35G

- *Taxa de avaliación* (créditos presentados con respecto aos matriculados). O valor no curso 2023-24 (91.71%) subiu lixeiramente co respecto a curso 2022-2023 (89.31), e case alcanza a do curso 2020-21. É case igual á media da USC (91.58%).

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 | 2023-24 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Total** | **86.81** | **91.24** | **91.76** | **88.88** | **89.31** | **91.71** |

Fonte: IN36G

- *Taxa de graduación*. Os valores deste indicador, que subiran progresivamente nos últimos catro cursos anteriores , baixaron lixeiramente no curso 2023-24 (60%). Nos tres últimos cursos os valores superan a taxa de graduación prevista na memoria de verificación, situada no 50%.

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 | 2023-24 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Total** | **50.00** | **43.59** | **50.00** | **58.54** | **63.04** | **60.00** |

Fonte: IN37G

- *Taxa de idoneidade na graduación*. Este indicador mide a relación entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto ou antes no plan de estudos e a súa cohorte de ingreso. Amosa información sobre o grado de eficacia do alumnado e da institución con relación á súa actividade académica. Como se comproba na táboa, o valor do curso 2023-24 (50.94%) é un pouco superior a do curso anterior 2022-23 (48.49%), aínda que non alcanza a do curso 2021-22 (52.17%), o mellor valor do sexenio.

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 | 2023-24 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Total** | **30.43** | **30.77** | **33.33** | **52.17** | **48.89** | **50.94** |

Fonte: IN51G

- *Duración media dos estudos*. A mellora de resultados que se observa nos catro últimos cursos noutros indicadores analizados tamén se constata ao analizar a duración media dos estudios. A cifra chegou a situarse por riba dos 5 anos no curso 2019-20 (5.19) e foi faixando progresivamente ata situarse en 4.59 no curso 2022-23. No curso 2023-24 foi de 4.69 anos, unha cifra moi similar á do curso anterior. É moi frecuente que o TFG, e ás veces algunha materia pendente, queden para un curso máis, nos mellores casos abarcando só un cuadrimestre.

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 | 2023-24 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Total** | **4.96** | **5.19** | **4.73** | **4.78** | **4.59** | **4.69** |

Fonte: IN38G

- *Taxa de abandono durante o primeiro curso*. O GLLE chegou a ter unha alta taxa de abandono no curso 2017-18 (28.21%), baixando progresivamente desde ese curso. O valor máis baixo da último sexenio foi acadado no curso 2021-22 (un 6.67%), subindo ata o 11.32 no curso 2022-23. O curso 2023-24 foi de 10.20%, algo inferior á do curso pasado. En calquera caso, este valor é máis baixo que o da media da USC (15.05%).

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 | 2023-24 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Total** | **16.67** | **14.63** | **10.87** | **6.67** | **11.32** | **10.20** |

Fonte: IN40G

- *Taxa de abandono RD 1393/2007*. O valor deste indicador leva baixando continuadamente desde o curso 2018-19, cando rexistrou un valor moi elevado (39.13%). O descenso no curso 2021-22 xa fora notable (17.07) e aínda é máis destacado no curso 2022-23: 13.04%. No curso 2023-24 subiu lixeiramente ata o 15.56%. Dado que a taxa de abandono recollida na memoria de verificación é do 20%, os valores dos dous últimos cursos son moi positivos: están situados por debaixo da porcentaxe estimada para o GLLE e son inferiores aos da media da USC (20,63%).

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 | 2023-24 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Total** | **39.13** | **35.90** | **21.43** | **17.07** | **13.04** | **15.56** |

Fonte: IN41G

- *Taxa de eficiencia*. Este indicador establece a relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que egresou e o número total de créditos nos que se matriculou. As cifras melloraron dende o curso 2020-21, e no curso 2023-24 (90%) acadouse unha porcentaxe case similar á do curso anterior 2022-23:

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 | 2023-24 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Total** | **84.33** | **81.86** | **90.34** | **91.22** | **90.55** | **90.00** |

Fonte: IN53G

3. Revisión e mellora

Hai moitas evidencias de que os resultados obtidos son analizados curso a curso e redundan na implantación de estratexias e accións de mellora, que insisten nos aspectos subliñados como menos positivos nos sucesivos IS. Como se desprende dos datos analizados, produciuse unha notable melloría na taxa de graduación e nas taxas de abandono rexistradas no título. Xa no curso 2014-15 puxéranse en marcha

iniciativas para identificar as causas das elevadas taxas de abandono no GLLE e foron programadas varias e diversas AAMM para identificar causas e para establecer estratexias para combatelo. A mellora nos resultados desaconsella, polo momento, incidir neste tipo de accións.

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Pódese afirmar que os indicadores de satisfacción son globalmente positivos en todos os colectivos analizados, particularmente no de estudantes e profesores. A principal debilidade constatada nos sucesivos IS é a baixa participación dos grupos de interese nas enquisas de satisfacción, que impiden unha valoración efectiva do título.

Dada a diversidade e continuidade no tempo de accións de mellora levadas a cabo para superar estes índices decrecentes, non se pode apelar, sen máis, ao elevado número de enquisas que están invitados a cubrir os colectivos de alumnado e de profesorado.

Como xa se comentou no punto 1.2, no curso 2023-2024, a porcentaxe de participación do alumnado na enquisa sobre a docencia recibida subiu ata o 51.54%.

1. Estudantes do GLLE

Como xa se comentou, a satisfacción do alumnado coa docencia recibida avala os bos resultados do título nos anos transcorridos desde a súa implantación. Cómpre destacar que todos os valores das respostas da enquisa entre o alumnado se sitúan por riba do 4, agás dous preguntas. (*Fai que a asistencia a clase resulte proveitosa* e *Propón actividades para favorecer a aprendizaxe autónoma dos/as estudantes* que non superan o 3,9). A valoración global está recollida na seguinte táboa:

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 | 2023-24 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Total** | **4.10** | **4.07** | **4.13** | **4.15** | **4.21** | **4.18** |

Fonte: IN46G

2. Estudantes matriculados no TFG

Coméntanse neste punto os resultados das enquisas de satisfacción dos estudantes co Traballo Fin de Grao na Facultade de Filoloxía. A enquisa administrouse por vía virtual nas sesións organizadas pola Facultade ao finalizar os actos de defensa dos diferentes tribunais. Participaron nela 9 estudantes dos 44 que defenderon o TFG, o que volve incidir sobre a escasa representatividade dos resultados (20,45%). A participación foi exactamente a mesma no curso 2023-22. (2024 – Enquisa de satisfación do alumnado co TFG GLLE)

Comentamos de seguido algúns dos indicadores:

- Reparto de horas. A memoria do título adxudica 300 horas totais de dedicación ao TFG (12 créditos ECTS). En liñas xerais os estudantes que responderon á enquisa consideran que as horas das asignadas na memoria do título ás distintas actividades (sesións de traballo co titor, lecturas, preparación da exposición oral, traballo autónomo) son axeitadas, se ben unha boa parte deles considera que precisa máis horas (pregunta 10).

- O 22% que realizaron as actividades formativas programadas pola Facultade (*Obradoiros do TFG*), a metade (1 alumno) responde que lles resultaron útiles, e a outra metade que non. Entre as actividades formativas que consideraron suficientes están as relacionadas coa xestión de recursos bibliográficos, a presentación formal (citas, referencias bibliográficas, formatos), e a redacción de documentos e a procura de información en bases de datos (preguntas 11 e 12).

- No que atinxe ao logro das competencias desenvolvidas, tanto as incluídas na guía docente da materia do TFG, así como as xerais e específicas da memoria do GLLE, os indicadores son, en xeral, positivos. As mellores valoracións nunha escala de Likert con valores de 1 a 5 ("nada de acordo" – "moi de acordo") das competencias xerais do título acadadas rexístranse nos ítems *Adquisición e comprensión de coñecementos, métodos científicos e recursos de análises para o estudo avanzado lingüístico e literario do español e as súas literaturas; Desenvolvemento de habilidades para aplicar os coñecementos ao ámbito de estudo; Capacidade de reflexión crítica para describir, interpretar e valorar os feitos lingüísticos e literarios; Capacidade para aplicar o razoamento indutivo e dedutivo, ao combinar a análise dos datos coa argumentación teórica; Capacidade de abstracción, síntese e análise a partir da descrición dos datos; Capacidade para transmitir información, ideas, problemas e solucións sobre cuestións de lingua e literatura española a un público especializado e non especializado; Dominio da expresión oral e escrita en español, en distintos contextos; Aprendizaxe autónoma de novos coñecementos e técnicas de análise.* Son dúas as competencias que obteñen menos valoración de forma continuada no tempo (*vid.* IS 2021-22 e 2022-23): *A habilidade no manexo de ferramentas informáticas e no uso de redes que permitan establecer contactos e A habilidade para traballar en colaboración en contextos multiculturales e multilingües* (pregunta 25).

  Canto ás competencias específicas, tamén cuantificadas nunha escala de Likert con valores de 1 a 5 ("nada de acordo" – "moi de acordo"), son moi positivas, destacando os ítems *Capacidade de realizar posteriores estudos especializados, Competencia comunicativa* e *Capacidade para recoñecer o carácter interdisciplinardos estudos lingüístico*-literarios (pregunta 26).

- Respecto á dedicación do/a titor/a, no curso 2023-24 o 63% dos que responeron xulgaron suficiente o número de horas de dedicación do titor (10 horas son as previstas no regulamento), frente ao 77.8% do curso 2022-23, e ao 64.7% do curso 2021-22 que o xulgaron insuficiente (pregunta 17).

- Os resultados da enquisa no que atinxe á **información sobre o TFG proporcionada polo centro** son positivos no que se refire á información administrativa e aos documentos da web, mais unha parte dos alumnos non se mostran satisfeitos coá xornada informativa sobre o TFG (pregunta 19).

- O 100% (9 alumnas/os) dos respondentes considera que **a realización do TFG foi útil para a súa formación** (pregunta 22).

3. Estudantes que participaron en programas de mobilidade

Como xa se comentou no § 1.2, a **mobilidade saínte** adoita ser discreta pola propia orientación dos graos de LL españolas nas universidades estranxeiras: no curso 2023-24 foi de 11 estudantes Erasmus e 4 SICUE (**Erasmus SICUE GLLE**); no curso 2022-23 foi de 15. (**INF03**).

Ao mesmo tempo, a valoración media da **enquisa de satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade** rexistra un descenso acusado con respecto aos dous cursos precedentes, segundo o **IN15G**: mentres que no curso 2020-21 foi de 4.51 e no 2021-22 foi de 4.67, no curso 2022-23, descendeu a 3.16, valor que se mantén case igual no curso 2023-24: 3.17.

| | 2018-19 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 | 2023-24 |
|---|---|---|---|---|---|
| **Total** | **3.75** | **4.51** | **4.67** | **3.16** | **3.17** |

Fonte: **IN15G**

Participaron na enquisa de satisfación coa mobilidade 4 de 10 alumnos (40%). O ítem que recibiu maior valoración foi a atención, recepción e acollida por parte da universidade de destino (4.5), seguido da integración polos compañeiros (4.25). Non acadan o valor 3 os seguintes ítems: a información dispoñible na web da USC (2.5); o Servizo de Relacións Exteriores da USC (1.5); a información sobre as validacións (1.25); a preparación lingüística proporcionada pola USC (1.75); a orientación e axuda recibidas por parte do coordinador ou coordinadora de mobilidade na USC (2.25); a achega aos teus gastos que supuxo a bolsa ou axuda económica recibida durante a estancia (2) (**INF 4**). É de esperar que coa AM-04 da axenda 2023-2024, que se executou durante o curso 2024-25, destinada a "Mellorar a información que reciben os estudantes sobre os programas de mobilidade", estes resultados melloren na enquisa referida ao curso 2024-2025 que recollerá o IS dese curso.

En canto **á satisfacción dos estudantes entrantes**, na enquisa que realiza a Facultade de Filoloxía a *Erasmus Incoming* e Sicue *Incoming*, á pregunta *Cal é o sentimento predominante que agora tes en relación coa túa experiencia na universidade de destino?*, 10 estudantes Erasmus responderon "moi satisfactorio" e 6 "satisfactorio" (**2024 ERASMUS INCOMING**, pregunta 37); 1 estudante Séneca respondeu "moi satisfactorio" e 2 estudantes Séneca "moi satisfactorio" (**2024 SENECA INCOMING**, pregunta 36).

4. Egresados

Dispoñemos do "Informe de satisfacción xeral do/as egresados de titulacións de Grao que egresaron no 2º semestre do curso 2022-2023. Informe elaborado no curso académico 2023-2024" (**INF 9**). A participación foi de 21.43%. A valoración media foi 3.41 (sobre 5). O ítem *En qué medida dirías que o teu traballo está relacionado coa titulación cursada? (Só no caso de estar traballando)* só acadou 1.5. En canto ao ítem *En qué medida cres que a túa titulación che resulta útil para o mercado laboral*, a puntuación é 3. Este ítem desagrégase nestes: *Formación teórica*: 3.78; *Formación práctica*: 2.89; *Docentes*: 3.67; *Capacidade de análise*: 3.89; *Traballo en equipo*: 3.22; *Capacidade de planificación, coordinación e organización*: 3.44; *Creatividade*: 3.11. O ítem *Cal é a túa satisfacción xeral coa titulación* acada unha puntuación de

3.67, a mesma que *En qué medida dirías que a USC é unha universidade de prestixio*, mentras que *Cal é a túa satisfacción xeral coa USC* ten unha valoración de 3.56.
Convén subliñar a diferente puntuación que outorgan os egresados á importancia da formación práctica e a formación teórica proporcionada polo título para o seu desempeño profesional.

5. Persoal académico

A valoración do profesorado do GLLE testemuña unha boa satisfacción coa docencia impartida no curso 2023-2024 (INF 14). A participación foi de 40.46% (o curso 2022-23 foi de 46.34%). A valoración media é de 4.26 nunha escala de 1 a 5, a mesma que a do curso anterior. Entre os ítems con mellor valoración, destacan os seguintes: a propia satisfacción co labor docente (4.26), a accesibilidade co alumnado en horario de titorías (4.96), o trato co estudantado (4.87); a información proporcionada ao alumnado sobre os criterios de avaliación da materia (4.83), etc. Todos os ítems con menor valoración superan o 3.5, agás o ítem referido ao nivel co que chega o alumnado (coñecementos e habilidades) para afrontarse aos contidos da materia (3.47). Outras preguntas con baixa puntuación son: a coordinación entre as distintas materias e/o niveis de título é adecuada (3.75), e a participación crítica e activa do alumnado no desenvolvemento das clases (3.71). A satisfacción coa titorización do TFG é de 3.96.

No IN47G compáranse os resultados dos últimos cursos, que evidencian quer unha progresiva mellora da satisfacción do profesorado, cun descenso non significativo no curso 2023-24:

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 | 2023-24 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Total** | **4.16** | **4.13** | **4.05** | **4.14** | **4.26** | **4.19** |

Fonte: IN47G

6. Persoal de administración e servizos

A participación deste grupo de interese alcanzou o 50% no curso 2023-24. No nivel de satisfacción global foi de 4 (sobre 5). Por ítems, as valoracións son positivas, por riba de 4 puntos en 7 das preguntas. As valoracións inferiores refírense á coordinación con outras unidades da universidade (3.08), as condicións do posto de traballo (3.5) e as condicións laborais (salario, horarios, etc.) (3.58). As mellores puntuacións acádanse nos items que se refiren á importancia da formación para menter a calidade do traballo (4.42) e a accesibilidade ao posto de traballo (4.25). (INF 21)

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:
- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como se ten indicado reiteradamente nos sucesivos IS, o feito de que o GLLE sexa un grado destinado principalmente a la docencia, para a empregabilidade dos egresados é determinante a conxuntura anual das convocatorias de oposicións públicas. Por outra parte, o título de graduado/a en Lingua e Literatura española non habilita directamente para a profesión docente en centros públicos: é precisa a superación do chamado "Máster de profesorado" para obter dita habilitación.

A ACSUG publica periodicamente informes de inserción laboral (http://www.acsug.es/es/insercion/graduados) onde se analizan e cuantifican diversos factores ligados á situación formativa e laboral do conxunto de titulados universitarios do SUG.

Dispomos dos resultados do ***EIL1415: Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2014-2015.*** Este informe está referido a titulado/as no SUG durante o curso 2014-15, cunha mostra composta por titulados/as que fixeron o depósito do título ao longo do ano 2015. O traballo de campo foi desenvolvido entre xaneiro de 2021 e marzo de 2021. A poboación do GLLE de Santiago foron 34 estudantes, dos que 23 constituíron a mostra de traballo: o 78% estaba traballando no momento da consulta. No caso de Lugo, a mostra tivo en conta a 10 (dunha poboación de 13), o 100% dos cales estaban traballando no 2021. No caso de Santiago, o 87% buscou emprego relacionado coa titulación desde que rematou os estudos; tardou de media 9.81 meses en atopar emprego relacionado coa titulación desde que rematou; o 84% traballa en Galicia; o 56% ten un contrato indefinido; o 83% desenvolve funcións de nivel universitario; o 74% volvería a cursar a súa titulación e o 86% volvería a cursar a súa titulación na mesma universidade. Estes datos pódense valorar moi positivamente. (INF EIL ACSUG 2023_2024 (S) )

Os datos son comparables aos ofrecidos polo informe BBVA para o mesmo campo de estudo, informe que se comenta a continuación.

Recentemente publicouse o *URanking* 2023 (Fundación BBVA: DOI: http://doi.org/10.12842/URANKING_INSERCION_LABORAL_2023). Reproducimos de seguido o cadro 3.3. (*Indicadores medios de inserción laboral por grupos y campos de estudio en los graduados del Sistema Universitario Español. Situación de los graduados en el curso 2013-14*:

| Graduados | Taxa de emprego | % ocupado cun soldo maior ou igual a 1500€ | % de ocupacións altamente cualificadas | % traballando na súa área de estudio ou relacionada |
|---|---|---|---|---|
| 1990 | 79,8 | 53,1 | 85,7 | 76,9 |

Rama de coñecemento: Artes e Humanidades. Campo: *Linguas e dialectos españois*

Fonte: U Ranking Inserción Laboral 2023, p. 31

Os autores do informe elaboran tamén o cadro 3.4 para normalizar os valores, evitando así os efectos negativos provocados polos diferentes valores de medias e medianas de cada campo. Este cadro proporciona os resultados de inserción laboral por campos de estudio dos grados do SUE. No ranking resultante, o campo "**Linguas e dialectos españois**" ocupa o posto 43 dun total de 101, cun índice de 1,02 (p. 33). O rango de valores oscila entre o 1.38 (Medicina) e o 0,52 (Arqueoloxía). Este dato pon de manifesto que a situación laboral dos titulados neste campo específico é algo mellor que a doutros campos da rama de Artes e Humanidades. Outra das conclusións destacadas deste estudo é a seguinte:

Para los egresados en **educación**, negocios, administración y derecho, y ciencias, **los estudios de máster** (que en muchas de sus titulaciones son habilitantes para el ejercicio profesional) **impulsa hacia la parte superior del índice su inserción**.

También mejora la inserción de los titulados de servicios, periodismo y comunicación y artes y humanidades cuando estos cursan un máster frente a los que poseen solo un grado, pero en ambos casos sus índices se sitúan en la parte baja del ranking. (p. 36, destacado en negriña noso).

| 3.MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS | |
|---|---|
| MODIFICACIÓN | XUSTIFICACIÓN |
| 1. Modificación descriptores nas materias do área de Literatura española pertenecentes ao Maior do GLLE *Introducción á historia da Literatura española* e *Literatura española do século XV e poesía do XVI.*<br><br>2. Modificación dos descriptores das materias do área de Lingua española pertenecentes ao módulo de Formación Básica *Lingua española 1* e *Lingua española 2*.<br><br>3. Cambio de CLIS (clases interactivas de seminario) no lugar de CLIL (clases interactivas de laboratorio) na materia do área de Lingua española perteneciente ao Maior do GLLE: *Fonética e fonoloxía do español.*<br><br>4. Cambio nos descriptores das materias do área de Lingua española pertenecentes ao Maior do GLLE: *Gramática española 1: clases de palabras*; *Gramática española 2: Sintaxis*; *Gramática española 3: Morfoloxía do español*; *Análisis do discurso*; *Lexicoloxía e lexicografía do español*; *Fonética e fonoloxía históricas do español*; *Gramática histórica do español.*<br><br>5. Cambio de cuadrimestre de varias materias do área de Lingua española pertenecentes ao Maior do GLLE: *Gramática española 3: Morfoloxía do español* (3º.curso, do 2º ao 1ªC); *Fonética e fonoloxía históricas do español* (do 3ºC., 1º C, a 4º C., 1º C); *Gramática histórica do español* (do 4º C., 1º C. ao 4º C., 2º C.).<br><br>6. Cambio da materia da área de Lingua española do Maior do GLLE *Diacronía da gramática e do discurso* por *Introducción á historia da lingua española*, materia de nova creación.<br><br>7. Cambio no descriptor e axuste nos contidos da materia da área de Lingua española de carácter optativo *Ensino do español como lingua extranxeira*. | 1. Cambios nos descritores para reducir a amplitude temática que teñen actualmente. Axústanse os contidos.<br><br>2. Os descritores da memoria e, por tanto, os contidos, non parecían servir ao obxectivo nivelador con que foron creadas; provocaban no estudantado a sensación de estar a facer incursións repetitivas nos mesmos contidos. Preténdese reducir a amplitude e dispersión temática que tiñan os descritores.<br><br>3. Cambio para adecuar o tipo de clases interactivas á realidade.<br><br>4. Actualización dos contidos e mellora da coordinación entre materias de distintos niveis.<br><br>5. A través das materias que conforman o módulo *Historia da lingua española*, distribuídas nos dous últimos cursos, preténdese que os estudantes coñezan os aspectos básicos da estrutura da lingua española na súa vertente diacrónica. Os cambios de cuadrimestre débense á necesidade de mellorar a coordinación entre materias e niveis.<br><br>6. Esta materia concíbese como un elo previo e necesario para abordar as materias diacrónicas que estudan a evolución do español: *Fonética e Fonoloxía históricas do español* e *Gramática histórica do español*.<br><br>7. Cambios nos descritores para reducir a amplitude temática que teñen actualmente. Axústanse os contidos. |

| | |
|---|---|
| Modificación_Descriptores de Literatura española<br><br>Modificación_Materias área de Lengua española<br><br>Modificación_Materias básicas Lingua española<br><br>Modificación_MINOR_Lengua y Literatura españolas<br><br>Estas propostas foron aprobadas xa no curso 2023-2024 pola CA do GLLE do 17.11.2023 e na sesión da Comisión de Calidade do centro do 21.11.2023. Unha vez remitido o informe coa solicitude de modificacións correspondente á ACSUG, foi recibido informe favorable desta axencia con data 04.04.2024 . | |

| 4.LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES | | | |
|---|---|---|---|
| Criterios | Nº | Evidencia / Indicador | Documento/enlace |
| Todos | E1 | Memoria Vixente do título | ACSUG |
| Todos | E2 | Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora | ACSUG |
| 1 | E3 | Análise do perfil real de ingreso/egreso | Autoinforme, Criterio 1 |
| 1,6 | E4 | Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe) | URL do título |
| 1,3 | E5 | Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión) | Enlace web ou PDF |
| 1 | E6 | Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos | Enlace web ou PDF(a facer pola UAXCD) |
| 1,6 | E8 | Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe | Autoinforme, Criterios 1 e 6 |
| 1,7 | I1 | Número de estudantes de novo ingreso por curso académico | 2501305_P.Ind_2024-2025 |
| | | | 2501305_INF.16_2024-2025 |
| | | | 2501305_INF.CiUG_2024-2025 |
| 1 | I2 | No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia | 2501305 _I2_2024-2025 |
| 1 | I3 | Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados) | 2501305_P.Ind_2024-2025 |
| | | | 5040_INF.03_2024-2025 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 2 | E9 | Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*") | URL da USC<br>URL do Centro<br>URL do título |
| 3 | E10 | Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos) | URL do Centro |
| 3 | E11 | Evidencias da implantación dos procedimientos do SGC( procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, enseñanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública) | URL do Centro |
| 3,7 | E12 | Plans de mellora derivados da implantación do SGC | URL do Centro |
| 3,7 | E13 | Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...) | Autoinforme, Criterios 3 e 7<br>Actas o informes |
| Todos | I4 | Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título | 2501305_P.Ind_2024-2025<br>2501305_INF.04_2024-2025<br>5040_INF.05_2024-2025<br>2501305_INF.06_2024-2025<br>2501305_INF.07_2024-2025<br>2501305_INF.08_2024-2025<br>2501305_INF.09_2024-2025<br>5040_INF.10_2024-2025<br>5040_INF.11_2024-2025<br>2501305_INF.13_2024-2025<br>2501305_INF.14_2024-2025<br>5040_INF.21_2024-2025<br>2501305_INF.22_2024-2025 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | | 2501305_INF.23_2024-2025<br>2501305_Informe_de_indicadores_2024-2025 |
| 3 | I5 | Resultados dos indicadores que integran o SGC | 2501305_P.Ind_2024-2025<br>2501305_Informe_de_indicadores_2024-2025 |
| 4 | E15 | Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc) | 2501305_E15_2024-2025 |
| 4 | E16 | Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado) | 5040_E16_2024-2025 |
| 4 | E17 | Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, … ) | Autoinforme, Criterio 4<br>Actas e informes |
| 4 | I6 | Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas | 5040_I6-I7_2024-2025 |
| 4 | I7 | Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas | 5040_I6-I7_2024-2025 |
| 4 | I8 | Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,… ) | 2501305_INF.13_2024-2025<br>2501305_INF.14_2024-2025 |
| 4 | I10 | Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título) | 5040_I10_2024-2025 |
| 5 | E18 | Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título | URL do Centro |
| 5 | E19 | Información sobre servicios de orientación académica e programas de acollida | URL do Centro |
| 5 | E20 | Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares | Enlace web ou PDF |
| 5 | I11 | Distribución alumnado por centros de prácticas | Enlace web ou PDF |
| 5 | E22 | Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia | Campus virtual |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 6 | E24 | Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación) | Enlace web ou PDF |
| 6 | E25 | Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título | 2501305_INF.15_2024-2025 |
| 6 | E26 | Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe | Autoinforme, Criterio 6<br>Actas o informes |
| 7 | E30 | Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU) | Autoinforme, Criterio 7<br>Actas o informes |
| 6,7 | I12 | Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia):<br>- Taxa de graduación<br>- Taxa de abandono<br>- Taxa de eficiencia<br>- Taxa de rendimiento<br>- Taxa de éxito<br>- Taxa de avaliación | 2501305_P.Ind_2024-2025 |
| | | | 2501305_INF.17_2024-2025 |
| | | | 2501305_INF.18_2024-2025 |
| | | | 2501305_INF.19_2024-2025 |
| | | | 2501305_ INF_SIIU_2024-2025 |
| | | | 2501305_Informe_de_indicadores_2024-2025 |
| 7 | I13 | Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso | 2501305_P.Ind_2024-2025 |
| | | | 2501305_INF.CiUG_2024-2025 |
| | | | 2501305_Informe_de_indicadores_2024-2025 |
| 7 | I14 | Resultados de inserción laboral | 2501305_EIL-SIIU_2024-2025<br>2501305_EIL-ACSUG _2024-2025 |
| 1,4,5 | I15 | Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,….) | 2501305_P.Ind_2024-2025<br>2501305_Informe_de_indicadores_2024-2025<br>2501305_MedUSC_cursocelda |

***Ver la informacíon pública mínima que debe estar publicada en la web (se encuentra en la guia de seguimiento/acreditación, pag 35).**

# AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

## Grao en Lingua e Literatura Españolas [S]

- Plan de Melloras
    - Abertas Curso 2023-2024
        - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
            - AM-05
        - Criterio 2 - Información e transparencia
        - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
        - Criterio 4 - Recursos humanos
        - Criterio 5 - Recursos materiais
        - Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
        - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
        - Outros Criterios
    - Finalizadas Curso 2023-2024
        - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
            - AM-01
            - AM-02
            - AM-04
        - Criterio 2 - Información e transparencia
            - AM-03
        - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
        - Criterio 4 - Recursos humanos
        - Criterio 5 - Recursos materiais
        - Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
        - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
        - Outros Criterios

| ACCIÓNS DE MELLORA | |
|---|---|
| **Código** | AM-01 (Curso 2023-2024) |
| Orixe | Plan de Melloras da Acreditación |
| Ámbito de aplicación | Criterio 1 - Organización e desenvolvemento |
| Análise causa | Medida de obrigado cumprimento no Informe de Acreditación, no que se di o seguinte: "Se deben tramitar ante la instancia oportuna, siguiendo el procedimiento establecido en la normativa vigente por la ACSUG, las modificaciones realizadas sobre la memoria verificada del título, en concreto, los cambios en la denominación y distribución de materias del título. En este sentido, se recomienda, además, llevar a cabo la anunciada actualización de la memoria del título introduciendo en ella información necesaria que por otras vías ya se ofrece, como, por ejemplo, el perfil de ingreso etc. A mayores, se recomienda reconsiderar, en la medida de lo posible, la reubicación de algunas materias, teniendo en cuenta la opinión de los diferentes grupos de interés, en especial del alumnado, de modo tal que pueda mejorarse, en la medida de lo posible, la organización de las enseñanzas". |
| Definición/<br>descrición proposta | Tramitar durante o curso 2023-24, segundo os prazos establecidos a tal efecto pola USC, as modificacións na memoria do título necesarias para actualizala e mellorar a organización académica do título. |
| Datas | Finalización: 21/06/2024 ; Inicio: 28/11/2023 |
| Estado/Eficacia | Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 10/04/2025 |
| Responsables | Comisión de Título |

| | |
|---|---|
| Tarefa 1 | AM-01.01 |
| Descrición tarefa | Introducir na memoria as modificacións aprobadas en cursos previos. |
| Data prevista de finalización | 04/06/2024 |
| Responsable | -- |
| Estado | Executada |
| Comprobación Tarefa | AM-01.01 Comprobación Nº 1 |
| Descrición Comprobación | Estas modificacións foron incluídas na proposta de Modificacións non substanciais do título de GLLE, aprobadas en reunións das comisións do SIGC da Facultade de Filoloxía e remitidas á USC nos prazos previstos. Con data 4 de abril de 2024 foron informados favorablemente pola ACSUG. O informe foi recibido na Facultade o luns 22 de abril de 2024. Nos meses de abril e maio vaise proceder a introducir os cambios pertinentes na memoria do título. |
| Data Comprobación | 26/04/2024 |
| Incidencias | -- |
| Axustes/Novas Tarefas | -- |
| Tarefa 2 | AM-01.02 |
| Descrición tarefa | Introducir na memoria as modificacións non substanciais aprobadas na CA do 17 de novembro de 2023 e refrendadas polos órganos do SIGC: Comisión de Calidade do 21 de novembro e Xunta de Facultade do 23 de novembro. |
| Data prevista de finalización | 04/06/2024 |

| | |
|---|---|
| Responsable | -- |
| Estado | Executada |
| Comprobación Tarefa | AM-01.02 Comprobación Nº 1 |
| Descrición Comprobación | Estas modificacións foron incluídas na proposta de Modificacións non substanciais do título de GLLE, aprobadas en reunións das comisións do SIGC da Facultade de Filoloxía e remitidas á USC nos prazos previstos. Con data 4 de abril de 2024 foron informados favorablemente pola ACSUG. O informe foi recibido na Facultade o luns 22 de abril de 2024. Nos meses de abril e maio vaise proceder a introducir os cambios pertinentes na memoria do título. |
| Data Comprobación | 26/04/2024 |
| Incidencias | -- |
| Axustes/Novas Tarefas | -- |

| ACCIÓNS DE MELLORA | |
|---|---|
| Código | AM-02 (Curso 2023-2024) |
| Orixe | Plan de Melloras da Acreditación |
| Ámbito de aplicación | Criterio 1 - Organización e desenvolvemento |
| Análise causa | Solicitar a opinión sobre o título dos grupos de interese (alumnado e profesorado) cuxa participación nas enquisas é historicamente baixa. Para iso, recoméndase incentivar a participación nas enquisas de satisfacción xa existentes, segundo as accións de mellora previstas polo centro (AMGLLE-04), ou ben adoptar de forma sistemática unha estratexia doutro tipo, máis cualitativa, consistente, por exemplo, en reunións programadas con profesores e con representantes do alumnado. En calquera caso é preciso garantir que a recollida efectiva de evidencias sexa homologable, de tal modo que os resultados sexan relevantes para o funcionamento do sistema de calidade. A enquisa sobre TFG pode resultar un bo modelo a ese respecto. |
| Definición/<br>descrición proposta | Elaborar un documento, cunha breve lista de preguntas sobre aspectos esenciais do título, para dirixir aos grupos de interese nas reunións respectivas (profesorado e alumnado), coa fin de asegurar a obtención de información comparable dun curso a outro. Entre as preguntas destinadas ao alumnado debe haber unha relativa á coordinación entre o profesorado do título. |
| Datas | Finalización: 10/06/2024 ; Inicio: -- |
| Estado/Eficacia | Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 10/04/2025 |
| Responsables | -- |

| Comprobación Acción | AM-02 |
|---|---|
| Descrición Comprobación | -- |
| Data Comprobación | 26/04/2024 |
| Incidencias | A elaboración da enquisa vaise demorar ata xuño do 2024. O motivo é que durante o curso 2023-24 hai bastantes reunións nas que participan os representantes do alumnado, xa que foi constituido un grupo de Traballo para presentar eventuais propostas de modificacións dos planos de estudo. |
| Axustes/Novas Tarefas | Actualmente se realizan encuentros con el alumnado tras la finalización de la defensa de TFG donde se les pregunta sobre sobre su satisfacción general con el título. |

| ACCIÓNS DE MELLORA | |
|---|---|
| Código | AM-03 (Curso 2023-2024) |
| Orixe | Plan de Melloras da Acreditación |
| Ámbito de aplicación | Criterio 2 - Información e transparencia |
| Análise causa | Para incentivar a mobilidade entrante recoméndase seguir avanzando na actualización da versión inglesa da información do títiulo. |
| Definición/ descrición proposta | Actualizar a versión inglesa da información sobre o título. |
| Datas | Finalización: 21/06/2024 ; Inicio: 28/11/2023 |
| Estado/Eficacia | Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 19/09/2024 |
| Responsables | Rosalia Meitín Suárez, Comisión de Título |
| Comprobación Acción | AM-03 |
| Descrición Comprobación | En abril de 2024 foron comparados os textos da páxina web do título en castelán e inglés para identificar gralla e erros de tradución. No propio texto español detectáronse grallas. Ao comprobar que o texto en inglés precisaba dunha revisión profunda, foi proposta ao Decano da Facultade a contratación dun tradutor que procedese a revisar tódolos textos dos graos da Facultade. |
| Data Comprobación | 26/04/2024 |
| Incidencias | -- |

| | |
|---|---|
| Axustes/Novas Tarefas | -- |

| ACCIÓNS DE MELLORA | |
|---|---|
| Código | AM-04 (Curso 2023-2024) |
| Orixe | Informe de Seguimento |
| Ámbito de aplicación | Criterio 1 - Organización e desenvolvemento |
| Análise causa | A valoración media da enquisa de satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade rexistra un descenso acusado con respecto aos dous cursos precedentes, segundo o IN15G: mentres que no curso 2020-21 foi de 4.51 e no 2021-22 foi de 4.67, no curso analizado neste informe, o 2022-23, descendeu a 3.33. (p. 8 do IS). Este descenso revela que as accións de mellora dos cursos previos --AM-05 (IS 2021-22) e AM-03 (IRA 2022-23)-- non deron os resultados esperados. A información sobre validacións é un dos aspectos peor valorados polos estudantes de mobilidade saínde nas enquisas de satisfacción. Aínda que as validacións varían en función da oferta docente das universidades receptoras, é preciso informar mellor ao alumnado ao respecto. |
| Definición/ descrición proposta | Mellorar a información que reciben os estudantes sobre os programas de mobilidade. En cada unha das convocatorias de mobilidade (Erasmus, SICUE e Bilateral) prográmase unha reunión durante o prazo de solicitude para o estudantado interesado. Na reunión explícase todo o proceso de selección, admisión na universidade de destino e o proceso de recoñecemento unha vez filalizada a mobilidade. A reunión acuden o/a Responsable Académico de Mobilidade e o/a Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos. Tamén se invita aos/ás Coordinadores/as Académicos/as de Mobilidade que na Facultade superan as 60 persoas. Na reunión do curso 2024-2025 para a mobilidade Erasmus acudiron máis de 100 estudantes e para SICUE 15 estudantes. |

| | |
|---|---|
| Datas | Finalización: 30/05/2025 ; Inicio: 09/09/2024 |
| Estado/Eficacia | Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 21/04/2025 |
| Responsables | -- |
| Tarefa 1 | AM-04.01 |
| Descrición tarefa | Enviar un escrito desde a coordinación do grao aos coordinadores dos programas de intercambio sobre as validacións. Envíado correo electrónico aos coordinadores de intercambio indicando que informasen aos estudantes do mecanismo de validacións (correo electrónico do 16/04/2025) |
| Data prevista de finalización | 30/05/2025 |
| Responsable | -- |
| Estado | Executada |

| ACCIÓNS DE MELLORA | |
|---|---|
| Código | AM-05 (Curso 2023-2024) |
| Orixe | Informe de Seguimento |
| Ámbito de aplicación | Criterio 1 - Organización e desenvolvemento |
| Análise causa | A participación o alumnado nas enquisas de satisfacción rexistra unha preocupante e desalentadora curva descendente: 23,26% no curso 2021-22, 17.38% no curso 2022-23, pese ás accións de mellora levadas a cabo (p. 7 do IS 2022-23). No IRA 2022-23 xa se programou a AM-04 neste mesmo sentido, pero sen resultados. |
| Definición/<br>descrición proposta | Incentivar a participación do alumnado e do profesorado nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida/impartida e na de satisfacción co título. |
| Datas | Finalización: 09/06/2025 ; Inicio: 09/09/2024 |
| Estado/Eficacia | Estado: Activa; Eficacia : --; Data Estado: -- |
| Responsables | Comisión de Título |
| Tarefa 1 | AM-05.01 |
| Descrición tarefa | Enviar unha mensaxe ao profesorado para que destine dez minutos das últimas clases nas que está aberto o período de realización das enquisas para que sexan cubertas polo alumnado. |
| Data prevista de finalización | 13/03/2025 |
| Responsable | -- |

| | |
|---|---|
| Estado | Activa |
| Tarefa 2 | AM-05.02 |
| Descrición tarefa | Enviar desde o curso virtual de coordinación unha comunicación ao alumando, a través do Curso de coordinación do GLLE, unha vez comprobadas as taxas de resposta mediante a aplicación proporcionada polo Centro de proceso de Datos, que permite que cada profesor/a vexa en tempo real o número de enquisas cubertas. |
| Data prevista de finalización | 13/03/2025 |
| Responsable | -- |
| Estado | Activa |

- Plan de Melloras
    - Abertas Curso 2024-2025
        - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
            - AM-01
            - AM-02
            - AM-04
        - Criterio 2 - Información e transparencia
        - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
        - Criterio 4 - Recursos humanos
        - Criterio 5 - Recursos materiais
            - AM-03
        - Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
        - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
        - Outros Criterios

| ACCIÓNS DE MELLORA | |
|---|---|
| **Código** | AM-01 (Curso 2024-2025) |
| Orixe | Informe de Seguimento |
| Ámbito de aplicación | Criterio 1 - Organización e desenvolvemento |
| Análise causa | Ata o curso 2022-2023, as porcentaxes de participación do alumnado na enquisa de satisfacción coa docencia recibida eran moi baixos, cunha curva descendente (23,26% no curso 2021-22 e 17.38% no curso 2022-23). No curso 2023-2024 a porcentaxe subiu ata o 51.54%. Este resultado é posible que se deba á medida, implantada no curso 2023-24 en todos os graos da Facultade de Filoloxía e promovida desde o Decanato, de enviar unha mensaxe ao profesorado para que destine dez minutos das últimas clases nas que está aberto o período de realización das enquisas para que sexan cubertas polo alumnado. Esta AM incorpora esta medida, que se considera necesaria para lograr unha boa porcentaxe de participación nas enquisas. |
| Definición/ descrición proposta | Incentivar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida. |
| Datas | Finalización: 29/05/2026 ; Inicio: 01/09/2025 |
| Estado/Eficacia | Estado: En construcción; Eficacia : --; Data Estado: -- |
| Responsables | -- |
| Tarefa 1 | AM-01.01 |

| | |
|---|---|
| Descrición tarefa | Enviar unha mensaxe ao profesorado para que destine dez minutos das últimas clases nas que está aberto o período de realización das enquisas para que sexan cubertas polo alumnado. |
| Data prevista de finalización | 29/05/2026 |
| Responsable | -- |
| Estado | Activa |
| Tarefa 2 | AM-01.02 |
| Descrición tarefa | Enviar desde o curso virtual de coordinación unha comunicación ao estudantado, unha vez comprobadas as taxas de resposta mediante a aplicación proporcionada polo Centro de proceso de Datos, que permite que cada profesor/a vexa en tempo real o número de enquisas cubertas. |
| Data prevista de finalización | 29/05/2026 |
| Responsable | -- |
| Estado | Activa |

| ACCIÓNS DE MELLORA | |
|---|---|
| **Código** | AM-02 (Curso 2024-2025) |
| Orixe | Informe de Seguimento |
| Ámbito de aplicación | Criterio 1 - Organización e desenvolvemento |
| Análise causa | A participación do estudantado nas enquisas de satisfación co TFG é baixa: no curso 2023-24 participaron nelas 9 estudantes dos 44 que defenderon o TFG, o que incide sobre a escasa representatividade dos resultados (20.45%). A participación foi exactamente a mesma no curso 2022-23. A enquisa administrouse por vía virtual nas sesións organizadas pola Facultade ao finalizar os actos de defensa dos diferentes tribunais. |
| Definición/ descrición proposta | Incentivar a participación do estudantado nas enquisas de satisfacción co TFG. |
| Datas | Finalización: 30/09/2026 ; Inicio: 02/06/2025 |
| Estado/Eficacia | Estado: En construcción; Eficacia : --; Data Estado: -- |
| Responsables | -- |
| Tarefa 1 | AM-02.01 |
| Descrición tarefa | Enviar unha mensaxe aos profesores titores de TFG para que informen os alumnos que titorizan da importancia de asistir a estes encontros. Pódese enviar unha mensaxe modelo aos titores na que se incida nas vantaxes do encontro, na brevidade da enquisa e no valor das respostas para mellorar a experiencia de futuros estudantes. |

| | |
|---|---|
| Data prevista de finalización | 30/09/2026 |
| Responsable | -- |
| Estado | Activa |
| Tarefa 2 | AM-02.02 |
| Descrición tarefa | Enviar unha mensaxe aos alumnos que van defender o seu TFG para motivalos a participar nos encontros. Pode incidirse na brevidade da enquisa e en que se terán en conta as súas respostas para mellorar a experiencia do TFG para futuros estudantes. |
| Data prevista de finalización | 30/09/2026 |
| Responsable | -- |
| Estado | Activa |

| ACCIÓNS DE MELLORA | |
|---|---|
| Código | AM-03 (Curso 2024-2025) |
| Orixe | Informe de Seguimento |
| Ámbito de aplicación | Criterio 5 - Recursos materiais |
| Análise causa | Nas enquisas realizadas polos alumnos de novo ingreso nos graos da Facultade de Filoloxía na xornada de benvida (se ben non dispoñemos de datos diferenciados que dean conta das opcións escollidas polos alumnos do GLLE), máis do 32% indicou que a actividade laboral que máis lles gustaría desenvolver unha vez terminado o grao sería a docencia universitaria (foi a segunda resposta máis elixida, despois da docencia no ensino secundario). Doutra banda, na enquisa de satisfacción co título unha das puntuacións máis baixas atópase no item: "a orientación profesional e laboral recibida no teu centro" (2.69). A Facultade xa organiza as sesións Camiños da Filoloxía, encontros con persoas egresadas para darlle a coñecer ao estudantado do centro percorridos profesionais distintos das saídas máis tradicionais, e, desde o curso 2024-25, as xornadas "Alén do grao: horizonte(s) 2025-2026", que conta cunha mesa de diálogo sobre a carreira académica. Con todo, considérase necesario informar o estudantado de xeito específico sobre como pode iniciar a súa carreira académica e investigadora grazas á bolsa de colaboración en Departamento, da que pode gozar en cuarto curso. |
| Definición/ descrición proposta | Mellorar a información que recibe o estudantado sobre o inicio da carreira académica e investigadora. |
| Datas | Finalización: 30/04/2026 ; Inicio: 01/09/2025 |

| | |
|---|---|
| Estado/Eficacia | Estado: En construcción; Eficacia : --; Data Estado: -- |
| Responsables | -- |
| Tarefa 1 | AM-03.01 |
| Descrición tarefa | Organizar unha sesión informativa de introdución á carreira investigadora, en concreto sobre a bolsa de colaboración en Departamento do Ministerio de Educación, Cultura e Deportes. Nesta sesión pódese informar os estudantes dos grupos de investigación do Departamento en Lingua e Literatura Españolas, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral, nos que poden introducirse coa bolsa de colaboración. Tamén se pode contar con estudantes que gocen nese momento desta bolsa e poidan falar da súa experiencia. |
| Data prevista de finalización | 30/04/2026 |
| Responsable | -- |
| Estado | Activa |

| ACCIÓNS DE MELLORA | |
|---|---|
| Código | AM-04 (Curso 2024-2025) |
| Orixe | Informe de Seguimento |
| Ámbito de aplicación | Criterio 1 - Organización e desenvolvemento |
| Análise causa | Esta acción proponse debido á constatación de empregos pouco éticos ou respectuosos dos dispositivos electrónicos durante as clases, así como da posibilidade de que estes interrompan o adecuado desenvolvemento da docencia. |
| Definición/ descrición proposta | Promover un uso ético e adecuado dos dispositivos electrónicos na aula por parte dos estudantes. O obxectivo é concienciar ao estudantado da necesidade de empregar na aula móbiles, portátiles e tablets de forma respectuosa co docente e os compañeiros e as compañeiras, e só cando sexa conveniente. |
| Datas | Finalización: 29/05/2026 ; Inicio: 01/09/2025 |
| Estado/Eficacia | Estado: En construcción; Eficacia : --; Data Estado: -- |
| Responsables | -- |
| Tarefa 1 | AM-04.01 |
| Descrición tarefa | Solicitar ás correspondentes instancias académicas un protocolo que regule o uso dos dispositivos electrónicos na aula. |
| Data prevista de finalización | 29/05/2026 |
| Responsable | -- |

| | |
|---|---|
| Estado | Activa |
| Tarefa 2 | AM-04.02 |
| Descrición tarefa | Informar na sesión de benvida do estudantado de novo ingreso da necesidade de utilizar os dispositivos electrónicos na aula de forma ética e adecuada. |
| Data prevista de finalización | 29/05/2026 |
| Responsable | -- |
| Estado | Activa |